

O xornal da Terra de Melide

Nº 91. Agosto 2013. Distribución gratuíta

O San Roque 2013 trae a Melide a maior oferta festiva da bisbarra

EMPRESA

Volve o “Bono Asetem” con 500 vales e 2.700 euros en descontos P6

COMARCA

A Xunta atrasa como mínimo outro mes máis o arranxo da Regada P18

CULTURA

Bota a andar o XXXIII torneo do CIRE con 1.000 euros en premios P26

ENTREVISTA



Pedro Coego, Novo Continente
P31

Once días de festa e 21 actuacións do máis variado compoñen o programa festivo dun San Roque que dará comezo o día 12 cun mercado medieval e que incorpora actividades para todos os gustos. Orquestras, shows, concertos de solistas, bandas de música, agrupacións tradicionais e mesmo deporte na rúa converterán a vila nun lugar de visita obrigada este mes de agosto para todas aquelas persoas que gusten da diversión. P10



A música feita na comarca chega ao Festival de Lorient




Tromentelos, Trimuíños e Trécolas, integrados por músicos da Terra de Melide e arredores, tocan durante seis días na cita por excelencia do mundo folk .P25

Sonia Valiño fala en Cerne da actualidade de Asetem



A presidenta da patronal melidense repasa en entrevista especial o presente da entidade e chama a asociarse para facer un Melide “moito máis forte”. P3



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049
peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Segregacións e agrupacións

- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Catastro

- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.
- Imposto de sucesións

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O Cerne é noticia

En tempos nos que a lóxica perdeu parte do seu significado, pode acontecer que un xornal, no canto de contar noticias, se converta en noticia por si mesmo. Así é que os lectores do Cerne atoparán nas páxinas deste número do mes de agosto unha información que deixa entrever a difícil situación económica pola que atravesamos o periódico e o futuro incerto que o agarda.

O Cerne é noticia e ante iso cómpre reaccionar. Tras varios meses buscando e barallando diferentes posibilidades de financiamento, a directiva de Asetem decidiu solicitar a colaboración de todas aquelas persoas que vexan no xornal un proxecto colectivo necesario e útil para a comarca.

Na directiva da Asociación de Empresarios Terra de Melide temos o convencemento de que a desaparición do Cerne suporía a perda do principal activo de Asetem, dunha das nosas ferramentas máis importantes. É o noso vehículo de comunicación; onde contamos o que pensamos e o que facemos, onde nos informamos do que nos preocupa e sobre todo dende o que proxectamos unha imaxe de Melide e dos seus comerciantes e empresarios. Hoxe máis ca nunca, non existe quen non é visible. Por iso non podemos permitir que



se perdan as 24 páxinas dende as que todos os meses nos damos a coñecer ao mundo. Por iso o compromiso ten que ser absoluto.

Sen deixar nunca á marxe a compoñente empresarial, que constitúe a súa esencia, dende a súa creación en 2005 o Cerne foi evolucionando para deixar de ser exclusivamente o xornal dos empresarios e pasar a ser o xornal de Melide e da súa comarca. Ao longo destes oito anos a xente habituouse á súa presenza e sénteo como algo propio; porque no Cerne é onde aparecen as caras coñecidas, as rúas polas que camiñamos, as aldeas nas que vivimos e as tendas nas que mercamos. É o xornal que conta as cousas de cerca, onde falan os veciños e tamén os políticos que os represen-

tan. O Cerne é xa algo máis ca un periódico, é parte da Terra de Melide, da súa identidade, un reflexo do que somos como pobo.

A desaparición da prensa local que se vén producindo nos últimos anos empobrecenos e déixanos a mercé dun mundo global onde non preocupan os espazos nos que vivimos, o que nos toca de preto. De momento, aí preto, é onde está o Cerne, contando o que pasa na Terra de Melide, o que nos importa e nos afecta a todos e todas nós. Por iso dende Asetem-Cca pedimos a colaboración non só do empresariado, senón tamén da veciñanza. Salvar o Cerne é salvar un anaco do patrimonio da comarca, do nós. Se pasamos páxina, a seguinte estará escrita en branco.

Tribuna de opinión

Outra historia

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

A historia é a que é, pero podería ser diferente. Tamén se o mercado medieval peregrino que se vai celebrar do 12 ao 15 de agosto fora aproveitado para poñer en valor os artesáns, produtores, servizos, entidades e asociacións da comarca, así como para proxectar Melide no Camiño de Santiago. A feira medieval, cos seus catro días e xa na súa organización, debería



servir realmente para o coñecemento e recoñecemento dos habitantes da bisbarra e da súa riqueza produtiva e cultural. Só así a historia sería outra.

Quizás outras datas acadrían mellor có mes de agosto, unha época do ano na que as propias festas, a programación cultural e as vacacións abundan para garantir a presenza de xente nas nosas rúas e de clientes nas nosas tendas. Xuño, xullo ou setembro serían datas igual de beneficiosas para a hostalería e terían maior repercusión para o comercio local. Máis se cadra outro mes diferente do de agosto non compensa para a

empresa á que se lle contrata o evento nin para os negocios de fóra que trae con ela. Cuestión de prioridades. Non pode ser moita a implicación das empresas da vila cando a época é a menos propicia para elas e cando as condicións lles veñen dadas de antemán e sen antes pedirles opinión. Asetem-Cca deu a súa o ano pasado. Os resultados foron escasos.

O próximo día 12 comezará o II Mercado Medieval Peregrino. Agardamos que sexa un éxito do mesmo xeito que agardamos que se siga mellorando na súa organización. Só así as boas ideas poden chegar a ser ideas brillantes.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Tel. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	10
-COMARCA.....	17
-CULTURA E LECER.....	25
-COLABORACIÓNS.....	30
-ENTREVISTA.....	31

SONIA VALIÑO VÁZQUEZ, PRESIDENTA DE ASETEM-CCA

“Asociarse é útil; cantos máis sexamos, máis forza e máis repercusión teremos”

Faltan poucos meses para que se cumpran 25 anos dende a súa fundación, pero Asetem-Cca segue a conservar o seu espírito inicial e a intención de aglutinar o empresariado da comarca co obxectivo de potencialo, dinamizalo e facelo cada día máis forte e competitivo. Como presidenta do colec-

tivo, e dende a experiencia que lle outorgan máis de dez anos como membro da xunta directiva, Sonia Valiño apela en entrevista especial para Cerne á necesidade de seguir sumando socios e apostando pola unidade como mellor vía para superar o actual contexto de dificultades económicas.

-Que lle diría a quen dúbida da conveniencia e da utilidade de asociarse a Asetem-Cca?

- O que digo en moitas ocasións: que hai que pensar sempre como asociación e non como empresario ou empresaria individual. Cando pagamos cada mes as nosas cotas, non o facemos para obter un beneficio inmediato, senón para contribuír a un proxecto colectivo. Iso é Asetem. Creouse para dinamizar o comercio, para potenciar todo o que temos e para convencer á xente de que merque aquí, para facer a nosa vila máis coñecida, máis dinámica e máis atractiva. Por iso é útil e conveniente asociarse, porque cantos máis sexamos, máis forza faremos, máis iniciativas se programarán e maior repercusión terán. As vantaxes dun proxecto colectivo son colectivas tamén. Se a Melide lle vai ben, iranós ben a todos. Esa é a mentalidade que hai que ter.

-Cales serían esas vantaxes das que fala?

- Pois cada unha das campañas, das actividades e dos eventos que facemos e que serían moi difíciles de realizar se non existise a asociación. Estamos a falar da campaña de Nadal, das rutas de tapas, do Salón da voda, do xornal Cerne, da promoción de bolsas de praia, dos bonos de desconto e moitas outras actividades que tamén impulsamos e nas que colaboramos. Todo iso é vida para o comercio e as empresas de Melide.

-Aínda que insiste no beneficio xeral, supoño que tamén haberá vantaxes a nivel individual...

- Por suposto que as hai. Non podería enumeralas agora



Sonia Valiño, presidenta de Asetem-Cca dende abril de 2010

todas, pero ser socio/a de Asetem dá acceso por exemplo a asesoramento laboral, fiscal e xurídico gratuito. Tamén informamos de todas as axudas e subvencións que van saíndo e axudamos a tramitalas se é preciso. Outro dos nosos piares é a formación, e por iso realizamos constantemente cursos, charlas e obradoiros enfocados para diferentes sectores e en función das necesidades que vaian xurdindo. Para os socios son gratuítos ou a un custo máis baixo. Tamén hai descontos no que se refire á publicidade no Cerne, ás cotas de inscrición nas campañas ou ao reparto de bolsas para o comercio. Por outra banda asinamos convenios con empresas, como pode ser o caso das de telefonía, que contemplan vantaxes para os

membros de Asetem. Sempre se gana formando parte da asociación.

-Bota de menos unha maior implicación por parte do empresariado?

- Melide ten un sentimento de pobo moi marcado e normalmente hai bastante implicación en todas as iniciativas. En Asetem somos agora mesmo preto de 150 socios. É unha das cifras máis altas dende que se fundou a asociación en 1989 e non podemos queixarnos en absoluto. De todas formas, tendo en conta o elevado número de negocios e de empresas que hai no concello, estamos convencidos de que poderíamos ser outros 150 máis sen problema. Iso sería moi importante e positivo para Asetem, sobre todo nun

momento no que as axudas se vinculan tanto ao número de socios. Insistimos moito para que a xente se asocie e dende aquí convidamos a todo o mundo a que o valore porque iso multiplicaría as nosas posibilidades de acción.

-O xornal Cerne atravesará por dificultades económicas?

- De todos é coñecido a situación delicada da prensa en xeral. Foi un dos sectores máis afectados pola crise. Canto máis non lle vai afectar a un xornal de ámbito comarcal e de periodicidade mensual como o Cerne! É certo que o periódico non pasa polo seu mellor momento, pero non está nunha situación crítica nin vai desaparecer. Precisamos alternativas de financia-

mento ante a falta de compromiso das administracións e por iso buscamos subscritores. Pedímoslle un esforzo engadido aos socios e tamén a todos os lectores que crean, coma nós, que é un medio útil e necesario na comarca.

-Como están as relacións co Concello despois do desencontro pola Feira do Pulpo?

- As relacións son boas, como sempre foron e seguirán sendo. Non hai que interpretar o acontecido coa Feira do Pulpo como un enfrontamento. En Asetem temos a costume de recoñecer as cousas ben feitas e de manifestar o noso desacordo cando algo se fai mal. Neste caso consideramos equivocado o xeito no que se organizou o evento, constatamos o malestar existente entre os nosos socios e así o manifestamos nos termos que xa todo o mundo coñece. Sempre defendemos os intereses das persoas que integran a asociación.

-Como valora o convenio de colaboración que van asinar as dúas partes?

-Foi unha proposta que lle fixo no seu día Asetem ao Concello e alegrámonos de que se vaia materializar. Era unha demanda dos socios e servirá para delimitar as tarefas que fai cada un á hora de organizar eventos. Ata agora non estaban claras e iso repercutía nunha organización menos eficiente. Tamén sería importante que cada actividade que se faga, independentemente de que se organice de forma conxunta ou por separado, pasase pola Mesa Local de Comercio. Sería un xeito de coñecer ambas partes todo o que se fai, xa que todo repercute no comercio.

EMPRENDEDORES EN MELIDE

CYNTHIA CORGO E MARTA VÁZQUEZ, “ALEIA NOVIAS”

“Temos todo o que a noiva precisa: vestidos, complementos e zapatos”

-É arriscado poñerse á fronte dunha tenda tan específica nunha vila pequena coma Melide?

-Cynthia Corgo (C.C.): Poida que si, pero Melide ten unha área de influencia moi grande e a tenda de noivas máis próxima está en Lalín. A partir de aí xa se hai que desprazar a unha cidade. Nese sentido temos a sorte de ofrecer certa exclusividade.

-Marta Vázquez (M.V.): É un traballo orixinal e diferente. Queiras que non, traballas coa ilusión das noivas, e iso é moi interesante.

-Seguirán o esquema de traballo da antiga dona?

-M.V.: De momento si. A tenda está orientada a cerimoniais formais e continuaremos

con esa liña, pero a nosa intención é dirixirnos tamén a públicos máis xuvenís, incorporando roupa de festa para mozas de 20 a 30 anos. Irémolo facendo pouco a pouco.

-Que tipo de roupa traballan, ademais da de noiva?

- C.C.: Temos prendas para madriñas, invitadas, vestidos para eventos e festas, de comunión e de arras tanto para nena como para neno e algo de bautizo. Tamén moitos complementos. Para a noiva todos os que precise. Pode saír de aquí vestida de arriba a abaixo, zapatos incluídos.

-Que tendencias veñen para a próxima tempada?

- M.V.: En noivas veñen as costas moi elaboradas, con moito encaixe e pedrería.

Do mesmo xeito que en anos anteriores viñan cousas sinxelas, agora volven máis elaboradas. No que se refire aos vestidos de festa, está sucedendo o mesmo. As tendencias neste sector cambian máis ou menos cada cinco anos. Son cambios progresivos, nunca hai grandes diferenzas dunha tempada a outra.

-Quizais iso axude a elixir a mercancía. Custa adiantarse aos gustos da xente?

- C.C.: É moi complicado. Hai que elixir a cantidade de vestidos que che fagan falta nun muestrario de 200 ou máis. E non vale escoller só os que che gustan a ti; hai que ter variedade para abarcar todo tipo de gustos. É máis difícil comprar ca vender. Se compras mal, non vendes.



Cynthia Corgo e Marta Vázquez, xerentes de Aleia Novias

-Que opinión lles merece o Salón da Voda de Melide?

- C.C.: É unha iniciativa moi boa; a mellor maneira de que a xente poida ver unha pequena mostra de todo o que temos na vila e de que saiban ao mesmo tempo que aquí poden comprar cousas que ao mellor pensan que só as hai

nas cidades. Participaremos na próxima edición, pero antes estaremos no Salón da Voda de Santiago, a segunda fin de semana de outubro, cun stand e cun desfile. Tanto alí como na tenda de Melide estaremos encantadas de amosar todas as opcións que temos para vodas e para eventos.



✿ aleianovias@gmail.com

Ronda de Pontevedra, 48
15800 MELIDE (A Coruña)
981 50 71 74

- Novias • madrinhas
- fiesta • bautizos
- comuniones

EMPRENDEDORES EN MELIDE

RUBÉN RODRÍGUEZ NOGUEROL, “CASA MELCHORA”

Casa Melchora abre de novo para recuperar os sabores “de sempre”

Dous ano e medio é pouco tempo para un negocio con décadas de historia. Pero aínda así, botábase de menos. Tras unha pequena paréntese, Casa Melchora volve abrir as súas portas con caras novas e a mesma aposta de sempre: un produto de calidade e un método de elaboración artesanal que fan únicos os seus melindres, ricos e amendoados.

“Todo o mundo me felicitou e á xente deulle moita alegría volver a ver esta casa aberta, empezando polos propios veciños”, declara Rubén Rodríguez Noguerol, a persoa que dende hai cousa dun mes está á fronte do establecemento. Fillo, neto e bisneto de melindreiras, asegura afrontar esta nova etapa do negocio e da súa propia vida coa carga de responsabilidade xusta, malia

ser consciente de que herda o peso dunha das casas repostadeiras con máis tradición de Melide e o legado de tres xeracións e de tres mulleres que foron para el “as mellores mestras que puiden ter”.

Marca da casa

Nada resulta novo nin descoñecido para Rubén: “nacéronme os dentes vendo cocer”, asegura coa tranquilidade de quen sabe o que trae entre mans. Todos os seus recordos pasan polo día a día do negocio, a xente entrando e saíndo, a familia ao completo axudando no tempo de apuro da Pascua e do verán, a calor do forno, as latas dos melindres e as tardes pelando améndoas no banco de diante da casa.

Non só de ver se aprende, e cando foi cumprindo anos

comezou a botarlle unha man a súa avoa primeiro e a súa nai despois, maiormente como forneiro, ata que soubo ler na cor das pedras a temperatura ideal para cada doce.

Foi collendo retallos de aquí e de acolá e aprendeu o oficio para desenvolve-lo, agora que ten a oportunidade, “do mesmo xeito que se fixeron as cousas sempre nesta casa”. Así é que segue moendo a súa propia améndoas, cocendo no forno de leña e facendo pequenas cantidades cada pouco para vender o produto sempre fresco: “é un sistema moito máis laborioso e ten as súas limitacións, pero prefiro facer menos e dar a máxima calidade”, afirma Rubén, que non é quen de conter un sorriso de satisfacción cando recorda as palabras dalgúns dos seus



Rubén Rodríguez, cuarta xeración á fronte de Casa Melchora

clientes: “dinme que os doces están igual ca sempre e que teñen o mesmo sabor ca os que facían miña avoa e miña nai”.

O Camiño de Ovedo volve arrecender cada mañá cos doces de Casa Melchora: melindres, ricos, amendoados, biscoito, torta de améndoas, de millo, de manteiga, brazo de

xitano e roscas de pascua que saen das mans de quen ve neste negocio algo máis ca un medio de vida: “deixei o meu traballo na empresa privada para dedicarme a isto; porque me gusta e porque me daba moita pena que se perdera a tradición, que quedara morta unha casa de toda a vida”.

REAPERTURA

Casa Melchora

Repostería tradicional da Terra de Melide

Tfno.: 981 50 78 29
Rúa Camiño de Ovedo, nº 6
15800 MELIDE (A Coruña)



Lanzan unha campaña de captación de subscritores para o xornal Cerne

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) solicita a colaboración de todos os seus socios e dos veciños da comarca para manter con vida o xornal Cerne.

O periódico, que vén editando mensualmente a patronal melidense dende o ano 2005, atravesará na actualidade un momento de dificultades económicas como consecuencia principalmente da redución de axudas por parte das administracións públicas. Segundo explica a presidenta de Asetem, Sonia Valiño, “non se trata dunha situación crítica, pero estase a prolongar no tempo e fai necesario tomar decisións para que o xornal non desapareza no curto prazo”.

Na procura de novas fórmulas de financiamento, a xunta directiva de Asetem-Cca fai un chamamento en primeiro lugar aos seus socios



e propón crear a figura do “colaborador/a de Cerne”, que contribuiría a soste-lo xornal cunha cota voluntaria mensual de cinco euros. Ser colaborador/a do Cerne comportaría unha serie de vantaxes que Asetem-Cca aínda non definiu por completo pero que poderían ir na liña de obter benefi-

cios publicitarios ou de converter os establecementos que colaboren en distribuidores exclusivos do xornal.

Por outra banda, o chamamento esténdese “a todos os veciños da Terra de Melide que confíen na utilidade do xornal para a comarca”, explica Sonia Valiño. Neste caso, as persoas que colaboren pasarían a ser subscritores e polo pagamento da cota de cinco euros recibirían o xornal nos seus domicilios todos os meses.

Para facerse socio colaborador ou subscritor do Cerne abonda con chamar ou acudir ás oficinas da patronal, na rúa Lino Sexto, onde os interesados poderán recibir máis información e resolver todas as dúbidas que teñan ao respecto. Asetem confía na boa resposta que terá a campaña e anima a apoiar “un proxecto colectivo de interese xeral”.

“Aforra co bono Asetem” repartirá 2.700 euros en vales de desconto

Asetem-Cca está a preparar unha nova campaña de dinamización comercial para os meses de outono. A través desta iniciativa, denominada “Aforra co bono Asetem”, distribuiranse arredor de 500 vales-desconto que lles per-

mitirán aos clientes gozar de rebaixas cando merquen no comercio ou nas empresas asociadas.

A campaña desenvolverase en setembro, outubro e novembro. Cada un destes meses repartiranse de forma aleatoria 150 “Bonos Asetem” a través do xornal Cerne. O lector que atope o bono entre as páxinas do seu periódico terá dereito a un desconto de 6 euros cando realice unha compra superior a 30 en calquera establecemento asociado a Asetem. Para beneficiarse da rebaixa abondará con presentar o bono no instante da compra. O cliente poderá em-



pregalo en calquera momento durante o desenvolvemento da campaña, que comezará o día que se publique o Cerne de setembro e rematará o 31 de novembro. Será posible acumular bonos, pero neste caso o desconto nunca superará o 10% do valor da compra. Isto é: se por exemplo mercamos un produto que custa 200 euros, a rebaixa non poderá ser superior a 20, aínda que o cliente presente moitos bonos.

No seu conxunto, a campaña “Aforra co bono Asetem” permitirá aplicarlle aos clientes descontos por un valor total de 2.700 euros.

Máxima difusión

Coa intención de que a iniciativa teña a máxima repercusión no tecido comercial de Melide, Asetem abrirá a campaña á participación de todos os socios, sexa cal sexa a natureza do seu negocio.

Aqueles que non estean interesados na promoción, deberán comunicalo nas oficinas da patronal antes do día 1 de setembro. Os que participen non terán que facer ningún tipo de inscrición. Só deberán entregar en Asetem os bonos que reciban para recuperar parte do desconto que lle aplicaron ao cliente. Recuperarán 4 euros por cada vale. Os 2 restantes deberán asumilos por conta propia.

Con esta campaña Asetem persegue fomentar o consumo nunha época de menores vendas debido á marcha dos visitantes do verán e á fin da época de rebaixas.

Asetem e Concello asinarán un convenio de colaboración

Asetem-Cca e o Concello de Melide asinarán nos próximos meses un convenio de colaboración onde se recollerán por escrito as funcións que deberá desempeñar cada unha das entidades naquelas actuacións ou eventos que organicen conxuntamente. O documento fixará tamén as áreas de responsabilidade de cada parte e as achegas económicas que haxa que realizar en cada caso. A presidenta de Asetem-Cca, Sonia Valiño, manifestou a súa satisfacción ao ver que esta proposta formulada por Asetem “a petición dos socios” vai saír adiante. Confía en que o acordo sirva para que de aquí en adiante “se organicen con maior eficiencia as actividades conxuntas”.

A sinatura do convenio recibiu o visto e praxe da Mesa Local de Comercio, que se reuniu o pasado 19 de xullo e na que Secundino Rodríguez se estreou como representante de Asetem-Cca en substitución de José Valiño.

Mercamelide celebrarase o 31 de agosto e 1 de setembro

O Pazo de Exposicións e Congresos acollerá os vindeiros días 31 de agosto e 1 de setembro a edición de verán do Mercamelide, a feira de saldos do comercio local. Durante toda esa fin de semana, en horario de 11 da mañá a 8 da tarde, os clientes poderán atopar todo tipo de produtos a prezos moi reducidos. Calzado, moda téxtil, lencería, complementos, perfumería ou electrodomésticos son algúns dos artigos que poñerán á venda os preto de 30 establecementos da vila que participan normalmente na feira. Nas últimas edicións Mercamelide ampliou a súa oferta ao sector dos mobles, da xardinería, do material de obra e mesmo das antigüidades. Todos estes produtos poderanse atopar na cita dos próximos días 31 e 1 xunto coas actividades de ocio que acostuma a programar o Concello de Melide.

E tamén en Asetem...



As instalacións de Asetem-Cca acolleron a mediados do mes de xullo un obradoiro gratuito sobre a presenza das empresas en internet. Impartido por Jorge Lama, membro da Asociación Enfócame, o taller tivo unha duración de 3 horas e nel participaron empresarios, comerciantes e autónomos da vila. Os asistentes ao taller aprenderon as regras básicas para sacarlle partido ás novas tecnoloxías dende o punto de vista comercial e afondaron no uso das redes sociais.

Por outra banda, e para poñer fin á IV Ruta “Melide de tapas”, fíxose entrega do premio sorteado entre os establecementos participantes no concurso: unha xornada no Balneario Río Pambre, en Palas de Rei. A afortunada foi a rexente do bar Novo Valente.



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Plan Re-Solve 2013. Apoio ao Financiamento operativo.

(DOG nº 127, do 05/07/2013)

- Beneficiarios: Pemes, persoas físicas ou xurídicas, agrupacións destas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado.

- Obxecto: Préstamos subsidiados destinados ó financiamento do activo corrente (nóminas, tributos, seguridade social, aluguer, leasing, provedores, acredores, reparacións, cotas de débedas bancarias a longo prazo)

- Importe dos préstamos: mínimo 3.000 euros, máximo 150.000 €.

- Prazo de vixencia: Ata 5 anos, incluída a carencia dun máximo de 2 anos.

- Prazo solicitude: Ata o 31/10/2013.

2. Microcréditos a emprendedores, autónomos e microempresas, avalados con SGR.

- Beneficiarios: Emprendedores, autónomos e persoas xurídicas, agrupacións destas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, que sexan microempresa.

- Importe máximo dos créditos: 25.000 euros.

- Prazo amortización: 5 anos, incluído 1 ano de carencia como máximo.

- Investimentos ou gastos computables: Reforma de locais, bens de equipo, elementos de transporte, honorarios proxectos, aplicacións informáticas, franquías outros activos fixos materiais e intanxibles.

- Prazo solicitude: Ata o 31/12/2013.

3. Subvencións a investimentos innovadores para o crecemento empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, convocatoria para o ano 2013 (DOG nº 138, do 22 de xullo de 2013)

- Beneficiarios: Empresas privadas con personalidade xurídica con domicilio social ou centro de traballo en Galicia, de determinados sectores de actividade.

- Investimentos subvencionables:

a) Investimentos innovadores: creación ou ampliación dun centro produtivo que permita o desenvolvemento de novos produtos e procesos; diversificación da produción para atender mercados de produtos novos e adicionais; transformación de carácter innovador do proceso global de produción existente. Serán subvencionables os proxectos de investimentos innovadores, con custo entre 50.000 e 300.000 euros.

b) Dotación de unidades de I+D. Serán subvencionables os proxectos de custo superior a 30.000 euros.

c) Transferencia de tecnoloxía mediante a adquisición de licenzas relativas a invencións. Sen custo mínimo.

- Contía das axudas: ata o 80% do custo subvencionable, segundo o tamaño da empresa e o número de proxectos subvencionables.

Contías máximas:

- 150.000 euros para investimentos innovadores.

- 100.000 euros para proxectos de dotación de unidades de I+D.

- 20.000 euros para investimentos de transferencia de tecnoloxía.

- Prazo: Ata o 22 de Agosto de 2013.

4. Programas de incentivos ás empresas cualificadas como Iniciativas de Empleo de Base Tecnolóxica (IEBT), convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 107, do 6 de xuño de 2013)

- Beneficiarios: Empresas privadas, incluídos autónomos, que inicien a súa actividade nun prazo non superior a un ano dende que o proxecto empresarial foi cualificado como IEBT, que se atopen inscritas no rexistro administrativo habilitado ao efecto e que contén no seu cadro de persoal no momento da primeira contratación por conta allea cun 25%, como mínimo, de persoas con titulación universitaria.

- Tipos de apoio e contías:

a) Subvención á creación directa de emprego estable, ocupados por desempregados, incluídos os propios promotores, antes de transcorrer un ano dende o inicio da actividade. Incentivos: ata 7000 euros, segundo o colectivo.

b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación. Contratacións temporais de técnicos de alta cualificación no primeiro ano de actividade. Incentivo, 40% do custe salarial total, máximo 18.000 euros por todas as contratacións.

c) Apoio á función xerencial, na toma de decisións. Incentivo, 75% do custo dos servizos recibidos, máximo 12.000 euros.

d) Subvención financeira, mediante a redución de ata 4 puntos do tipo de xuro de préstamos, co límite de 6.300 euros por emprego estable creado, para financiar investimentos necesarios para a creación e posta en marcha da empresa.

e) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade, cun máximo de 12.000 euros por posto estable creado. Prazo xeral de solicitude: Ata o 30 de Setembro de 2013.

5. Subvencións para constituír e iniciar Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR), convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 133, do 15 de xullo de 2013)

- Liñas de axuda:

A) CONSTITUIR SOCIEDADES DE FOMENTO FORESTAL

- Conceptos subvencionables:

- Custo de investigación da propiedade e clasificación dos terreos.

- Gastos notariais de constitución da Sofor.

- Cartel informativo obrigatorio.

- Beneficiarios: Agrupacións de persoas propietarias forestais, outras entidades xurídicas de dereito privado que agrupen persoas propietarias forestais e SOFOR con inscrición previa (non subvencionada) no RSofor.

B) INICIAR A ACTIVIDADE DE SOCIEDADES DE FOMENTO FORESTAL, CON INSCRIPCIÓN DEFINITIVA NO REXISTRO DE SOFOR (RSOFOR)

- Conceptos subvencionables:

- Gastos notariais e rexistrais precisos para realizar a concentración privada das propiedades forestais integradas na Sofor.

- Custo de redacción do proxecto de obras e infraestruturas comúns.

- Custo de execución de infraestruturas comúns.

- Custo de redacción do instrumento de ordenación e xestión forestal.

- Cartel informativo obrigatorio.

- Beneficiarios: SOFOR con inscrición definitiva no RSofor.

- Prazo de solicitudes: Ata o 30 de Setembro de 2013.



**IMPRENTA
eligraf**

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

RESTAURANTE - PULPERÍA *Alongos II*



**Avenida de Lugo, 22
MELIDE (A CORUÑA)**

Tlf: 981 50 75 10

NOVA XERENCIA

Un dos restaurantes clásicos de Melide, o Alongos II, estrea o verán con novas caras e nova xerencia. Jorge e David collen as rendas deste negocio con tradición para seguir apostando pola calidade dos menús e o bo trato que sempre o caracterizaron. Expertos pulpeiros, farán que a cociña do Alongos II continúe sendo un referente da boa gastronomía e o restaurante un lugar de visita obrigada.



Marlene, Jorge, Yoli e David

Pazo Eidián

Lugar de Eidián, 5 - AGOLADA
36527 (Pontevedra)

Tfnos.: 986 682 545 - 618 392 571
info@pazoeidian.com

**El Pazo de Eidián te invita
a conocer y disfrutar de sus
nuevas instalaciones**

Te ofrecemos el mayor número de actividades que encontrarás dentro de un entorno rural.

- Piscina.
- Pista de paddle.
- Multipista deportiva.
(baloncesto, fútbol, tenis, voley...).
- Campo de petanca y bolos.
- Sala de juegos con mesa de billar.
- Merenderos.
- Salones con televisión.
- Cafetería, comedor, lareira, hórreo, parra...

**Un sitio ideal para cualquier
celebración y disfrutar con
tus seres queridos.**



Autos Puntero: 60 anos facendo camiño

Millóns de quilómetros nas rodas dos seus vehículos e outras tantas historias vividas e contadas sobre os seus asentados. Sesenta anos nas estradas dan para unha extensa crónica de viaxes e Autos Puntero pode presumir de ter escrito algúns dos capítulos máis importantes da historia recente de Melide; aqueles que falan do desenvolvemento do comercio e da emigración. Por iso Puntero é máis ca unha empresa de transportes, máis ca unha marca: é sinónimo do progreso da vila, de tradición. É historia viva de Melide.

Dende que se constituíu a empresa en 1953, os coches de Puntero convertéronse no medio de transporte por excelencia para ir ás feiras da contorna. Pasaxeiros diante, animais detrás e cestas e sacos enriba do teito daqueles chamados coches mixtos que collían rumbo cara a Arzúa, Curtis, Lalín, Agolada, Vila de Cruces, Sobrado e mesmo



Coche mixto dedicado ao transporte de viaxeiros e gando

Chantada. Un universo sobre rodas no que tamén tiñan cabida os propios vendedores de Melide, a quen Autos Puntero lles permitiu levar os seus produtos máis alá das fronteiras da vila.

A empresa contribuíu ao desenvolvemento do comercio local e non había tardar moito en ser tamén un vehí-

culo de sentimentos. En 1958 comezaron as viaxes regulares cara a Bilbao. Vinte e catro horas de camiño unha vez por semana que tendían unha ponte coa emigración e comunicaban familias. Era tamén o medio para enviar unha cacheira ou uns greliños en tempo de Entroido e para recibir algo de turrón ou polvoróns no Nadal. Foron case trinta anos de intercambios e trinta meses de agosto con autobuses traendo melidenses para o San Roque.

Autos Puntero levou o nome de Melide alá onde chegou. A súa traxectoria e a contribución ao progreso do municipio valeulle o recoñecemento do Concello, que no ano 2005 lle concedeu a Medalla de Ouro. A día de hoxe o compromiso coa súa terra segue a ser total. Mudaron os tempos e as formas de negocio, pero os coches de Puntero, que xa andan por toda Europa, levan debuxados no seu lombo os monumentos de Melide. Grazas a eles o nome da vila chega agora máis lonxe ca nunca.



"O barco", denominado así pola súa largura e amplitude, aparcado diante da Capela de San Roque.

As datas e as persoas

O 28 de marzo de 1953, os irmáns Xesús e Manuel Freire, máis a dona deste último, Socorro Rodríguez, mercábanlle a Xoán Castro a concesión do servizo de transporte de viaxeiros entre Melide e varias vilas da Coruña, Lugo e Pontevedra. Quedaba así constituída a sociedade civil "Empresa Puntero", que pouco despois, en 1958, poñería en marcha unha ruta regular a Euskadi, converténdose na única compañía, xunto coa empresa Adolfo Souto de Touro, que realizaba viaxes a Bilbao.

Puntero axiña comezou a medrar e no ano 1964 os propietarios mercáronlle a Xosé Gómez Otero a Unión Mellidense. A concesión do servizo máis tres coches custaron naqueles tempos dous millóns de pesetas: unha cantidade astronómica que dá conta do espírito emprendedor e da iniciativa sempre puxante dos socios de Puntero.



Manuel Freire



Jesús Freire

En 1965 a empresa sofre un duro golpe trala morte nun accidente de tráfico de Manuel Freire, socio fundador. Faleceu no lugar de Cadavedo, en Asturias, cando volvía de Bilbao guiando o coñecido como "o barco", un autobús de última xeración con 60 prazas. Con todo, Puntero logrou seguir medrando: en 1968 mercou a empresa Alonso e dende aquela continuou polo camiño da expansión ata o día de hoxe.

Na actualidade, Autos Puntero segue a ser líder no mercado e conta cunha flota de 24 vehículos entre camións e autobuses de diferente gama e con capacidade dende 14 ata 55 viaxeiros. Evolucionando sempre cos tempos, e adaptándose ás necesidades de cada momento, realiza multitude de servizos: transporte escolar, excursións, vodas, eventos, servizos funerarios ou congresos. Na actualidade traballa tamén con tres tour operadores e realiza viaxes por toda Europa.

Conservando sempre o espírito familiar da súa orixe, o éxito de 60 anos de historia ten tamén que ver co respaldo de persoas alleas; algo do que son conscientes os actuais administradores da empresa e do que queren deixar constancia como mostra de agradecemento a Xoán Castro, Xosé Gómez Otero, o cura Antonio Ponte e Xosé Gómez Doamo (Mosquito).



TRANSPORTE DE MERCANCÍAS Y VIAJEROS

60 ANIVERSARIO (1953 - 2013)



Camiño de Santiago, 17 (MELIDE)

Tlfs: 981 506 206 / 610 449 261

ramon@autospuntero.es

Andy & Lucas e Francisco, cabezas de cartel das festas do San Roque

Once días e 21 actuacións. É o resumo do que serán as Festas do San Roque 2013. Presentada xa a programación, non falta máis ca rematar a conta atrás para que o vindeiro día 12 dean comezo os festexos máis longos e multitudinarios de todos os que celebra Melide. Se o ano pasado foi a tecno rumba do grupo madrileño Camela, este ano serán Andy y Lucas e Francisco os principais reclamos dun cartel pensado “para todos os gustos” e confeccionado coa

intención de “seguir a tradición, dinamizar a economía aínda máis e facer que a xente acuda a vila, porque ten un amplo abano de posibilidades para gozar”.

Así o expresou a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, durante a presentación do programa, para o que se destinaron 120.000 euros máis IVE. Vázquez destacou que “once días de festa non os hai en todos os sitios en momentos de crise coma este” e fixo fincapé no atractivo que

ten o San Roque e no impulso económico que supón para Melide: “atrae moitas persoas dos arredores e das catro provincias”, explicou, “sabemos que hai xente que aluga autobuses e que vén de Asturias e de León”.

A rexedora aproveitou unha vez máis para convidar aos gremios e máis concretamente ao sector da hostalería a que se poñan á fronte da organización das festas: “a nosa intención é que o San Roque se fixese a través dos hostaleiros



coa axuda económica do Concello. Este ano non foi posible pero animámoslos a que collan as rendas para o próximo”.

MERCADO MEDIEVAL PEREGRINO

A feira medieval, que se organizou por primeira vez o ano pasado, volverá a ser este San Roque “o aperitivo” das festas. Segundo explicou Ánxeles Vázquez, o bo resultado da edición anterior “a pesar do mal tempo” animou a repetir esta iniciativa que se desenvolverá nas rúas do casco histórico entre o 12 e o 15 de agosto, un día máis ca o ano pasado. A principal novidade serán as tapas do medievo, que se poderán degustar en 18 establecementos hostaleiros da zona vella.

MÚSICA DA TERRA

Clausurado o mercado medieval, o concerto da Orquestra Sinfónica de Melide marcará como vén sendo tradicional a inauguración simbólica do San Roque. Máis non será a única formación da comarca que leve a súa música ás festas. Fiel á súa cita dende hai moitos anos, non faltarán Froito Novo. Tocarán tamén Os Melidaos e cantará a Coral Polifónica de Melide. Xa nun rexistro diferente, animará as rúas a charanga “Os amigos” de Visantoña.

AS BANDAS

Tamén de Visantoña é a banda que leva por nome o desta parroquia do concello de Santiso. Pagada por unha persoa particular que quixo asumir todos os custos, ofrecerá un concerto o



Mercado medieval 2012. Actuación na Rúa de Ovedo

día 20. A este sumaranse outros tres máis a cargo da Banda Escola de Beade, da Banda de Música Isabel II de Touro e da Banda Unión Musical de Pontevedesma.

ESPECTÁCULO

“Tamén haberá actuacións para bailar, porque á xente gústanlle as orquestras”, comentou a rexedora melidense á hora de presentar a parte do programa con máis compoñente de show. Sete serán as orquestras que amenicen as noites do San Roque: Combo dominicano, Armonía Show, Cinema, Fania Blanco Show, Filadelfia, Olympus e Panorama (pagada polo Grupo Palladium). A isto hai que sumar as que serán dúas das actuacións estelares das festas: os concertos do



Concerto da Orquestra Sinfónica na Praza do Convento

cantante valenciano Francisco, o día 16, e dos gaditanos Andy y Lucas, o 19. Ese mesmo día haberá tamén dous tributos: o de George Milesón, que en palabras do concelleiro Luís Arias “é dos mellores que se pode atopar en España nestes momentos”, e o dos Black Stones aos Bee Gees, Los Brincos, Los Bravos e outros grupos de renome dos 60’s e dos 70’s.

DÍAS SINALADOS

O San Roque non sería tal se non houbose determinados días especiais dentro da programación. O 15 será o día da bicicleta, o domingo 18 o do río e o 20, o día do neno. Haberá actividades na piscina, xeados gratis pola tarde e descontos nas atraccións de feira.

SEGUROS BILBAO

Grupo **CATALANA OCCIDENTE**

Rodrigo Fernández Pombo

Agente de seguros exclusivo

Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra

Nº 113 Bajo - 15800 Melide

Tlf/ Fax: 981506495

Móvil: 678055942

rodrigofernandez@segurosbilbao.com



Saída da alcaldesa



Queridos veciños e veciñas de Melide,

É para min unha grande satisfacción e orgullo dirixirme a vós, outro agosto máis, con motivo das festas de San Roque, as máis agardadas do ano, que converten a nosa vila nun fervedoiro de xentes e actividades. Son unha festas entrañables e emotivas tanto para os que habitualmente vivimos en Melide como para os que regresan por estas datas á terra da súas orixes.

En primeiro lugar quero en nome meu e no da Corporación municipal dar a benvida a todas/os as/os melidenses que retornan por estas datas na procura de reencontrarse cos seus e aos peregrinos e turistas que van estar en Melide durante as festas atraídos pola gran oferta turística que a vila ofrece.

Quero salientar o labor desenvolvido por todas e todos aquelas e aqueles que traballaron e colaboraron na elaboración do programa de festexos: o equipo de goberno, os traballadores municipais e todos os colectivos, asociacións, clubs e persoas que traballaron e colaboran. Grazas a eles configurouse un programa de actos e actuacións dunha grande calidade, que espero que sexa do gusto de todos/as. As festas do San Roque son un referente dentro do panorama festeiro galego e que o seu éxito e prestixio se manteñan é unha tarefa que nos atinxe a todos/as.

Mais as festas transcenden o seu aspecto lúdico e festivo. Melide é unha vila activa, dinámica, emprendedora, que sempre afrontou o seu futuro con coraxe e optimismo, coa ilusión de facer dela entre todos un lugar mellor onde vivir. De aí a importancia que o San Roque ten para nós a todos os niveis: económico, social e sentimental.

Quero desexarvos unhas felices festas e animarvos a que desfrutedes o máximo posible destes días coas actividades programadas para adultos e pequenos e que a hospitalidade, tolerancia e solidariedade que nos caracteriza se plasmen nas nosas rúas e prazas.

Por último, non quero esquecerme dos melidaos e melidás que por un motivo ou outro non pasarán estas festas connosco, pero si que estarán presentes no noso recordo e corazón.

Ángeles Vázquez Mejuto
Alcaldesa do Concello de Melide

MELIDE

SAN ROQUE

AGOSTO 2013

12 13 14 15	Mercado Medieval Peregrino Degustación de tapas de medievo
14	Orchestra Combo Dominicano
15	Orchestra Sinfónica de Melide
16	Os Melidaos - Banda da Escola de Música de Boado Coral Polifónica de Melide Orchestra Armonia Show Concerto de Francisco
17	Banda Unión Musical de Ponteledesma Orchestra Cinema Orchestra Fania Blanco Show
18	Charanga Os Amigos de Visantón Frota Nova Percorrido musical polos alumnos do Conservatorio de Melide Orchestra Filadelfia Actuación de Aixa Romay Finalista galega concurso - Tú si que vales 2013
19	Banda de Música Isabel II de Touro Concerto do Black Stones George Mileson TRIBUTA A BRUCE SPRINGSTEEN Andy y Lucas Orchestra Olympus
20	Banda de Música de Visantón Orchestra Panorama (Fin de festa organizado e patrocinado polo grupo Palladium)

Espectáculos **ANGEL SEOANE**
MELIDE - MONTERROSO Tfn: móbil: 617 38 48 60

CONCELLO DE MELIDE



Concello de Melide

**TOP
PRECIOS**

**¡¡No vas a
encontrar
nada igual!!**



 **ELECTROSAN**

C / Martagona, 13 MELIDE



La mayor oferta de la comarca en pisos, casas, chalets, solares...

- > Pisos de 2 a 4 dormitorios desde 51.000 €
- > Chalets de lujo de 220.000 a 450.000 €
- > Casas y casas para restaurar.
- > Alquileres. Fincas y solares.

En Galicia

- Edificio gran lujo en Sanxenxo, primera línea de playa (Paseo de Silgar). Grandes descuentos.
- Edificio en Portonovo con piscinas de agua salada, pista de tenis y zona verde privada. Precio hipoteca.
- Pisos en Coruña, Vigo, Boiro, Ribeira, A Pobra, Foz, Burela, Santiago de Compostela...
- Chalets en Lugo, Vigo, Nigrán, Oleiros, Cambre, Sada, Mos...

Opciones de negocio

- * Naves en A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra...
- * Bajos en rentabilidad en Vigo y Ourense / * Nave en rentabilidad en A Coruña.
- * Fincas de 40 a 100 hectáreas.



**SI QUIERE COMPRAR, VISÍTENOS.
SALDRÁ GANANDO**

Estamos en:
C/ Gaiteiros Os Garceiras, 3 bajo
MELIDE (A Coruña)
www.invergalicia.com

Tlf: 981 505 781
admon@invergalicia.com
info@invergalicia.com

**SI QUIERE VENDER, DÉJENOS
AYUDARLE**



O obxectivo de lograr unhas contas saneadas lastra o investimento

O Concello de Melide aprobou o pasado 31 de xullo, cos votos a favor do PP, en contra do BNG e a abstención do PSOE, a Conta Xeral de 2012. A memoria económica do pasado exercicio reflicte un superávit de 19.224 euros, algo que non acontecía dende o ano 2003, e dá conta da redución da débeda municipal, que a 31 de decembro se situaba en 1.740.344 euros (215 euros por habitante).

No transcurso dun pleno de marcado carácter económico, presentouse tamén o informe sobre morosidade e cumprimento dos prazos de pago correspondente aos seis primeiros meses do ano. Segundo explicou o concelleiro de facenda, Luis Arias, todas as facturas do 1º e do 2º trimestre foron pagadas dentro do prazo de 30 días esixido pola lei. Ante a rotundidade dos números, o goberno local saca peito á hora de defender a súa xestión económica. Segundo expresou a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, os datos de Melide causan sorpresa ata

nos propio Ministerio de Economía: “a cada informe que lles enviamos chaman por teléfono pensando que estamos equivocados”, manifestou a rexedora.

Sen negar o progresivo saneamento das arcas municipais, a oposición pon reparos á política económica do PP

O investimento per cápita descendeu 270 € dende 2010 segundo o BNG

e advirte das consecuencias negativas que está a ter sobre os cidadáns. O BNG bota man de datos para alertar do “preocupante” descenso do investimento e do aumento da presión fiscal. Segundo explicou o voceiro dos nacionalistas, Xosé Igrexas, “cada melidense pagou o ano pasado 77 euros máis ca en 2009 e 2010”. Por outra banda, destacou que o investimento per cápita descendeu 270 euros dende 2010. En 2012 foi de

102 euros por melidense.

Dende as bancadas socialistas, o concelleiro Manolo Prado varreu para a casa e destacou o traballo feito polo bipartito en materia de saneamento ao tempo que acusou a Luis Arias de expoñer os datos con parcialidade: “fixeches unha clase de historia e repasaches ata onde che interesou. Puides chegar ata 2004, porque nos gobernos do PP está a orixe de todo o que pasou. Nós collemos o Concello en bancarrota e sen o traballo que fixemos sería imposible chegar á situación actual”.

Prado destacou tamén os 46 informes de reparo emitidos en 2012 por Intervención, que reflicten a imposibilidade de controlar e facer un seguimento da adquisición de materiais para pequenas obras. “Hai que mellorar a forma de adxudicación”, pediu o socialista. Sobre isto Luis Arias asegurou que nos dous últimos anos do bipartito os informes de reparo foron 77 e 56 respectivamente. “Tamén niso estamos mellorando”, dixo.

Estreitan a vixilancia para controlar a presenza de cans perigosos na área de Furelos



Un can de raza pitbull na zona de baño da praia fluvial

Tralas queixas reiteradas de numerosos veciños que alertaban nas últimas semanas da presenza constante de cans soltos na área recreativa de Furelos, algúns deles de raza potencialmente perigosa, o goberno local decidiu incrementar a vixilancia na zona para poñer fin a esta situación.

Segundo manifestaron algúns dos usuarios da praia fluvial, e segundo lle trasladou o grupo municipal socialista á alcaldesa a través dunha pregunta en sesión plenaria, os animais campan ás súas anchas polo lugar, corren polo medio dos cativos e mesmo comparten con eles a zona habilitada para o baño.

En resposta ao PSOE, Ánxeles Vázquez asegurou ser coñecedora da situación e sinalou que xa hai tramitadas denuncias contra os propietarios dalgúns dos animais por desobediencia ás autoridades e falta de respecto aos axentes da Policía Local.

Melide e Palas compartirán un grupo de emerxencia formado por 12 persoas



A Xunta suprimiu recentemente o Grumir de Arzúa

Os concellos de Melide e Palas de Rei contarán no medio prazo cun equipo de 12 persoas destinado a intervir en situacións de emerxencia. Trátase dun servizo compartido que terá base nos dous municipios e que estará operativo as 24 horas do día. O grupo de emerxencias inter-

municipal estará dotado cos vehículos e o material necesario para actuar en casos de incendio, tanto urbanos como forestais, así como para socorrer posibles accidentes na N-547 e na futura A-54. Ademais, reforzará aos voluntarios de Protección Civil na época estival e atenderá tamén

as incidencias que poidan xurdir no Camiño de Santiago.

Seguridade deficiente

Mentres este grupo de emerxencias non entra en funcionamento, o PSOE e o BNG de Melide destacan a situación de desprotección na que se atopan os veciños do Concello e poñen o foco na Policía Local, que actualmente só conta con 2 axentes dos 7 que debería ter, o número máis baixo dende 1979. Os socialistas esixen “respostas inmediatas e concretas” e instan á rexedora a que solicite ante a Subdelegación do Goberno máis reforzos para a Garda Civil. Pola súa banda, o BNG cualifica de “desidia” a actitude de Vázquez e pide que se convoquen as 3 prazas de policía local vacantes. Asegura que a rexedora mentiu cando anunciou a convocatoria en xuño de 2012 e di que “un ano despois estamos aínda peor”.

NOTICIAS BREVES

Arranxo urxente da AC-840



A Xunta de Galicia investirá 317.000 euros para arranxar 800 metros da AC-840 (estrada da Coruña) afectados pola rotura dunha tubaxe.

A delegada territorial na provincia, Belén Docampo, anunciou durante unha visita á zona afectada que os traballos se iniciarán unha vez que

rematen as festas do San Roque para evitar molestias nuns días de máximo trasfego. Executaranse pola vía de urxencia e estarán rematados no prazo dun mes e medio. As obras consistirán na colocación de novas canalizacións, tanto para a recollida de augas pluviais e residuais como para o abastecemento, e na renovación do firme.

Residencia da terceira idade

O 21 de agosto darán comezo as obras para rematar por completo a residencia da terceira idade de Melide. Cun prazo de execución de 4 meses e un importe próximo aos 200.000 euros sufragado pola Xunta, os traballos permitirán que o edificio pase das 16 prazas actuais a 52. O investimento destinarase a amoblar a primeira planta, instalar un ascensor e habilitar dous baños xeriátricos e zona de enfermería, entre outros.

Melide, un refuxio á sombra no que gozar dunhas “vacacións en paz”

En pouco menos dun mes Maryam estará de volta en Dajla. Cando chegue saudará á súa familia, que a noite anterior non pegará ollo agardando o seu regreso. Despois abrirá unha maleta da que saíran centos de recordos da súa estancia en Melide para mesturárense coa calor e coa area do deserto do Sahara.

Maryam e Ali son dous dos nenos saharauís que durante un par de meses esquecen as duras condicións dos campamentos de refuxiados nos que viven grazas ao programa “Vacacións en paz”, impulsado pola Asociación Galega Solidariedade co Pobo Saharauí. Dende hai seis e tres anos respectivamente, Maryam e Ali pasan o verán en Melide con dúas familias de acollida da vila. Son as de M^a Carmen Sánchez e Ánxeles González, mulleres de mirada bondadosa que destacan a importancia que ten para os cativos saharauís facer unha paréntese na dureza dunha rutina marcada polo sol, a area, a precariedade e mesmo a esca-

seza de alimentos.

É por iso que a equipaxe de Maryam chegará a Dajla non só cargada de recordos, senón tamén de comida e de roupa. “Xantamos lentellas, se as hai, e senón pan mollado en auga quente”, conta esta cativa de 13 anos e ollos vivos que fala da fame coa mesma naturalidade coa que aquí tiramos a comida a diario. “Hai que repartir para todos e os nenos sempre somos os últimos; ás veces cando nos toca xa non queda nada”, di ao tempo que recorda as moitas mañás que marcha para escola sen almorzar.

Aínda así, vai de boa gana. A diferenza de Ali, que pensa máis en darlle patadas á pelota para ser futbolista e xogar no Real Madrid, a ela gústalle estudar. Aspira a ser xornalista, coma un dos seus sete irmáns, que traballa na radio en Rabuni e ao que ve ás veces pola televisión. “Ser xornalista é guay”, di en galego, idioma ao que xa lle dá bo xeito. Para cumprir o seu soño, Maryam deberá saír do campamento para seguir estu-

dando e conseguir un visado que poden tardar ata catro anos en conceder.

Mais non é momento de pensar niso agora que aínda está no tempo de xogar no recreo a un xogos “moi parecidos” aos que practica aquí nos campamentos de verán de Melide, Toques ou Visantoña, aos que leva indo dende o primeiro ano e nos que coñeceu a amigos de verdade: “son coma meus irmáns. Hai xente á que non lle gustan as persoas que non son do seu país, pero con eles é coma se estivera sempre aquí; son moi bos”.

Sabe que os botará de menos porque despois de seis anos, este será o último que participe no programa “Vacacións en Paz” e a súa vida continuará no campamento lonxe dos veráns de Melide. “Gustárame quedar aquí para sempre pero non podo”, di Maryam, que acostuma a facerlle unha mesma pregunta a esa súa outra nai que é M^a Carmen: “vaste esquecer de min?”. A resposta é obvia.

M^a Carmen asegura que a



Mari, Maryam, Ánxeles e Ali no parque Rosalía de Castro, en Melide



Ánxeles González nunha visita ao campamento saharauí de Smara

experiencia marcou a súa vida e anima a todas as familias da vila a que sigan os seus pasos: “estes rapaces danche moito

máis do que ti lles das a eles”. Maryam máis ela xa están unidas para sempre: “agora que non vai vir aquí, irei eu alí”.

FOTO-DENUNCIA

Predicar co exemplo



É unha rúa pequena pero constitúe un grande exemplo do doado que é dicir as cousas e do difícil que resulta facelas. A Travesía de Vicente Risco, en pleno casco urbano de Melide, remata nunha parcela de titularidade municipal onde a vexetación medra sen traza e o lixo e os refugallos de obras se van acumulando aos

poucos. Toda unha mostra de desleixo que resulta máis difícil de comprender tendo en conta a intensa campaña que desenvolveu o propio Concello para instar aos vecios a manter as súas fincas desbrozadas e en condicións de salubridade. Xa o di o refraneiro castelán: “consejos vendo que para mí no tengo”.

As casas das Coles serán un centro pioneiro de acollida do peregrino



As vivendas foron rehabilitadas parcialmente polo Xacobeo no 2012

O futuro das casas da Praza das Coles comeza a coller forma. Se nun primeiro momento se barallou a posibilidade de crear nelas unha oficina de información turística, os inmobles converteranse finalmente no primeiro centro de acollida do peregrino de toda Galicia. Así quedou defi-

nido na reunión que mantivo a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, cos responsables da Dirección Xeral de Turismo e do Xacobeo o pasado 1 de agosto.

As vivendas serán un punto de referencia onde os peregrinos terán á súa disposición información centralizada e de fácil acceso sobre albergues,

hostais, hoteis, actividades, monumentos e demais necesidades. Para que o proxecto sexa unha realidade, haberá que continuar coa restauración das casas iniciada en 2012, unha tarefa para que a Xunta xa comprometeu a súa axuda.

Atención turística

Paralelamente, o Concello de Melide, xunto cos de Arzúa, Sarria, Portomarín, Triacastela e Palas de Rei, contará con persoal de atención turística para que lle proporcione aos peregrinos información específica sobre as rutas xacobeas e os seus recursos. Cada municipio recibirá unha achega de 8.000 euros por parte da Sociedade Xestión do Xacobeo para financiar o servizo. O Concello de Melide xa iniciou o proceso para contratar dúas persoas durante tres meses.



San Roque 2013

Queridos veciños e veciñas de Melide:

Un ano máis o Grupo Municipal do BNG de Melide non quere desaproveitar a oportunidade de desexarvos unas boas e felices festas nun contexto máis que complicado.

Agosto, o oitavo mes do ano no calendario gregoriano, recibe o seu nome en honor ó emperador romano Octavio Augusto (Octavius Augustus), emperador que atopou a Roma como una cidade de ladrillo e transformou en cidade de mármore. Nestes momentos de crise actual, no que a mármore está a ser trocada en ladrillo, honrar a San Roque, santo coñecido por ser o protector fronte a toda clase de epidemias, cobra quizás maior importancia. Padecemos unha grave epidemia, unha epidemia de paro, corrupción, perda de valores e recortes esaxerados e intencionados en eidos tan importantes coma a educación, a sanidade pública e os servizos sociais, que tantos anos custaron construír. Unha praga de destrución sistemática que trata de crear unha sociedade inxusta, una sociedade con habitantes de primeira e de segunda, unha sociedade que de seguro o noso home-naxeado rexeitaría coa mesma vontade que dedicou a curar a todos aqueles que contraían a peste.

Temos ante nós o máis importante dos retos, atopámonos ante a imperiosa necesidade de trocar una sociedade na que hai tempo os intereses da maioría ficaron soterrados baixo a pesada lápida da corrupción. Pero non é tarde, pois somos posuidores dunha forza motriz máis poderosa que o vapor, a electricidade e a enerxía atómica; somos posuidores da vontade. Con ela, como dicía Einstein, faremos esta vida menos perigosa e máis xusta, porque a perda destes



atributos non se debe en exclusiva a aqueles que fan o mal, senón tamén a aqueles que se sentan a ver o que pasa, a aqueles que agardan coa máis imparcial das indiferenzas.

Afirmaba Sthephane Hessel con gran atino, que fronte aos perigos que enfrontan as nosas sociedades interdependentes é tempo de acción, de participación, de non resignarse. É tempo de democracia, tempo de mobilizarse, de ser actores e non só espectadores impasibles, progresivamente uniformizados, gregarizados, obedientes. É tempo de cambios, é tempo de rexeneración. Porque hai alternativa.

Participemos pois deste mes de desexados reencontros, de ansiadas palabras, de festa e troula. Un mes que nos debe servir para coller os folgos precisos para afrontar o desasosego que algúns se afanan en instaurar de forma permanente nas nosas vidas. Sen sentarnos para ver que pasa, gozaremos dun San Roque que é de todos e para todos, brindemos xuntos para que

volva a ledicia a todas e cada una das facianas deste pobo. Bailemos e soñemos para que o ano que vén sexa o ano da ansiada recuperación, o ano no que a epidemia desapareza das nosas rúas, o ano no que San Roque só sexa iso, festa.

Así pois, dende o BNG de Melide queremos animarvos a que gocedes, a que afrontedes con ledicia e ilusión estes días tan importantes para a nosa vila. Desexamos que cantedes, bailedes, riades e soñedes, porque nos tempos de crise só a ilusión é máis importante que o coñecemento.

Sempre se pode, cando se quere.

Atentamente,

O Grupo Municipal do BNG:

*Xosé Igrexas García- Portavoz Municipal
Xosé María Santín Amo - Concelleiro
Jesús Somoza López - Concelleiro
Xosé Ramón Laia Gómez - Concelleiro*

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

O arranxo da Regada seguirá en punto morto todo o mes de agosto

Todas as miradas estaban postas no pasado 1 de agosto, día no que a Xunta celebrou o seu último Consello de Goberno e no que se agardaba que se aprobasen os investimentos que a administración autonómica ten comprometidos para amañar a Ponte da Regada. Finalmente tal punto quedou fora da orde do día unha vez máis. Iso significa que no que resta de mes non haberá ningún avance no arranxo desta infraestrutura que comunica Santiso con Arzúa e que leva 7 meses cortada ao tráfico.

O próximo Consello da Xunta será o 29 de agosto, pero nada garante que nel se vaian incluír as obras da Re-

gada. “É outro mes perdido”, explica o alcalde de Santiso, Manuel Adán, quen asegura non entender o motivo deste novo atraso: “os cartos xa están aí apartados, á espera. Agora é un problema meramente administrativo, o que fai que sexa máis grave todo o que está pasando. Non consigo entender por que non se leva o tema ao Consello”.

Mentres a Ponte da Regada suma días no limbo, a delegada territorial na provincia, Belén do Campo, vén de anunciar que a Xunta investirá 317.000 euros para arranxar con carácter de urxencia 800 metros da AC-840 ao seu paso por Melide. As obras comeza-

rán a finais do presente mes. O alcalde de Santiso evita falar de agravio comparativo pero considera que a Xunta non ten claras as prioridades: “parecénos moi ben que se faga ese investimento, pero nós temos unha estrada cortada que non podemos utilizar e que nos está a dificultar o día a día”.

Adán asegura que institucionalmente está a facer “todo o posible” para desbloquear a situación. Sobre a posibilidade de novas mobilizacións, sinala que nese terreo lle corresponde aos veciños levar a iniciativa. Mantén, non obstante, que apoiará e secundará calquera acto reivindicativo que decidan organizar.

“SE ISTO NON SE AMAÑA: CAÑA, CAÑA, CAÑA!”

Os veciños saen á rúa para esixir o comezo inmediato das obras

“Hoxe estamos aquí, pero que ninguén dubide de que iremos a onde faga falta ata que nos escoiten e tomen en serio as nosas reivindicacións”. Tras sete meses agardando sen albiscar unha solución, os veciños de Santiso e de Arzúa decidiron iniciar unha loita que non cesará ata que vexan arranxada a Ponte da Regada. O pasado 22 de xullo botáronse por primeira vez á rúa para esixirlle á Xunta e á Deputación “que actúen con responsabilidade e celeridade, que fagan a tan sonada aposta polo rural e que axilicen ao máximo o comezo e o remate dunhas obras das que non

podemos prescindir nin un minuto máis”.

Así o fixeron constar na lectura do manifesto que puxo o punto e final a unha marcha que transcorreu polo centro da vila de Arzúa e na que participaron preto de 500 persoas. A protesta contou tamén co respaldo e a presenza dos alcaldes dos dous municipios, do BNG, e dos responsables locais do PSOE.

Tras unha pancarta co lema “arranxo da Ponte da Regada xa; outro galo cantaría se tivesades que usar vós esta vía”, os manifestantes aproveitaron para facer público o seu malestar “polo esquecemento ao que

nos teñen sometidos as administracións” e para deixar constancia dos “graves prexuízos” que lles está a causar a demora no amaño da ponte.

Rodeos de ata 16 quilómetros para facer xestións rutinarias, grandes demoras en caso de urxencias sanitarias ou intervención dos bombeiros, supresión da única liña de autobuses regular que comunicaba os concellos coa Coruña ou perdas económicas nas empresas da zona son algúns dos motivos que esgrimen os veciños para demandar unha solución urxente: “non é un capricho noso, senón unha necesidade imperiosa”.



Cabeceira da manifestación polas rúas de Arzúa



Tambores para a lectura do manifesto ante a casa do concello



Un cativo cunha pancarta



David Fernández le o manifesto



Proquintas
QUÍMICA INDUSTRIAL

Un produto para cada necesidade

HOSTELERÍA E INSTITUCIONES

Desengrasantes. Ambientadores. Deterxentes para vajillas, suelos, paredes, cristales, tapicerías

MANTENIMIENTO INDUSTRIAL

Aceites de corte, taladrinas. Antiproyecciones para soldadura. Decapantes. Imprimaciones. Protecciones antioxidantes. Desbloccantes.

AUTOMOCIÓN

Anticongelantes. Champús y ceras de lavado. Desengrasantes de motores. Disolventes para brea y alquitrán.

CONSTRUCCIÓN

Desencofrantes. Plastificantes. Acelerantes. Impermeabilizantes de caucho, silicona

AGROPECUARIA

Deterxentes para circuitos de ordeño o tanques. Raticidas, insecticidas (especial cucarachas)

PISCINAS

Algicidas. Floculantes. Correctores de PH. Limpiadores de cerco. Cloro. Desincrustantes.

CELULOSAS

Manteles, servilletas, toallas, bobinas industriales y domésticas



INFORMACIÓN Y PEDIDOS

TEL: 981.50.57.50

www.proquintas.com

COMPLEMENTOS DIVERSOS

Exterminadores de insectos. Dispensadores de ambientadores e insecticidas. Dosificadores de jabón. Secadores de manos. Mopas, bayetas...

MANUEL ADÁN LÓPEZ, ALCALDE DE SANTISO

“Descartamos os grandes proxectos para poder conservar os servizos”

Semella que a súa chegada á política foi casual cando di con ironía que foron outros quen o empuxaron “ao precipicio”, pero nas súas respostas Manuel Adán, primeiro alcalde nacionalista de Santiso, nunca deixa marxe á improvisación. Convencido de que gobernar un concello pequeno é unha cuestión máis de xestión ca de ideoloxía, afronta os dous próximos anos de mandato “con moita responsabilidade”, coas limitacións que impón a crise e cun obxectivo claro: preservar os servizos aínda que haxa que renunciar ás grandes obras.

-Como afronta o mandato?

-A nivel persoal con moita responsabilidade, porque non é un traballo calquera, é un traballo de representación de todo o concello. Como alcalde afróntoo coas mesmas perspectivas e limitacións que hai a nivel global. A situación non é a de hai catro ou cinco anos e os veciños van notar. Evitaremos a redución de servizos pero as grandes obras e infraestruturas son proxectos que quedan descartados.

-Cales son as súas prioridades para o que queda de lexislatura?

-Fundamentalmente manter as prestacións. Saímos dun inverno moi duro e temos moitos problemas nas estradas, así que o primordial vai ser intentar reparalas. Logo temos prevista a compra da ludoteca de Visantoña. Requeriría un investimento importante para poñela ao día pero parécenos interesante recuperala para deixala a asociacións, para a banda de música e para outros proxectos. Tamén nos gustaría incidir na comunicación coa xente. Trataremos de facer charlas e reunións nas parroquias para escoitar aos veciños e ver que necesidades teñen. Ás veces as cousas pequenas do día a día solucionan máis cás grandes obras.

-A crise obrigará a renunciar a parte do programa electoral?

-Probablemente si, aínda que máis ca renunciar trátase de reformular. Nós, por exemplo, tiñamos o obxectivo de crear un punto limpo. O que teremos que facer é establecer conversas cos concellos que o teñen para que nos deixen depositar alí. A cambio nós faríamos a recollida de boa parte dese material. Hai que optar por vías de gasto máis mode-



radas e que lle permitan aos veciños ter un servizo similar.

-Custa tomar decisións cando é cousa de tres?

-Sempre é máis fácil tomarlas un só, pero ter a obriga de alcanzar un consenso é algo positivo. Cando consultas antes de decidir ves todas as caras do poliedro. A verdade non é única, non é só a túa. Entón, aínda que custe máis, o resultado sempre é mellor.

-Pasados dous anos, cre que os veciños entenderon o tripartito? Ao principio parece que custou un pouco...

-Non creo que lles custase entendelo. En política todo é chegar a acordos e pactar. O tripartito non tivo friccións en ningún momento e os veciños non tiveron por que notar a diferenza con respecto a un goberno da mesma cor. Eu sempre poño o exemplo do Concello de Ames, que tiña maioría absoluta e partiuse en dous. Ás veces é máis unha

cuestión de persoas ca de ideoloxía, sobre todo nos concellos pequenos, onde se trata de xestionar o día a día.

-Cal é a situación económica actual de Santiso?

-Vai mellorando. As certificacións que pedimos nada máis entrar indicaban que había unha débeda de 900.000 euros. Foise pagando a conta dos orzamentos destes anos e agora estamos ao día, algo que é obrigatorio por lei. De todas formas a situación é moi complicada. A participación dos ingresos do estado estase reducindo ano tras ano e axudas e plans que había antes están desaparecendo. Por exemplo o PEIM, co que estes anos se fixeron uns 10 ou 12 asfaltados, xa non existe. Por outra banda, pónennos todo moi complicado: temos un teito de gasto, non podemos utilizar o remanente positivo de crédito... estamos de mans atadas. Entre iso e a situación herdada, custa levantar a cabeza.

-Por que decidiu dedicarse á política?

-Sempre fun nas listas do BNG e este ano a xente animoume a ir en cabeza. Empuxáronme ao borde do precipicio (ri) e estou aquí por iso.

-A política é diferente do que pensaba agora que a ve dende dentro?

-Si, é distinta. Dáste de conta de que todo é máis complicado do que parece. Esta escola venenos moi ben a todos. Eu cando saía de aquí, dentro de dous anos, dareime de conta cando faga unha reclamación do complicado que é chegar a unha solución. A burocracia afóganos e complícanos, aínda que é a maneira de garantir os dereitos da xente e de que todo funcione legalmente.

ELECCIÓN SEN DISCURSO PERO CON AGRADECEMENTOS



Adán saúda ao seu antecesor, Fernando Suárez

Manuel Adán foi elixido alcalde de Santiso o día 9 de xullo, no transcurso dun pleno extraordinario ao que asistiron numerosos veciños do municipio e no que todo saíu segundo o guión previsto: co apoio do seu grupo (BNG), do PSOE e de Independentes por Santiso reuniu os cinco votos necesarios para obter a maioría e para facerse co bastón de mando. O PP abstívose de votar ao seu candidato, Ovidio Leiva.

Tras prometer o cargo, o xa novo rexedor de Santiso renunciou a pronunciar o discurso de investidura botando man da ironía: “non se presta a hora nin o día, que vai moita calor”, dixo. Non obstante, si que quixo dedicar unhas palabras de agradecemento ao seu antecesor no cargo, Fernando Suárez, de quen destacou a dedicación amosada durante o que vai de lexislatura: “estiven ao seu lado estes dous anos, que foron moi complicados, e podo dicir que estivo aquí día tras día sen coller un só de vacacións”. Antes de pechar a sesión, Adán solicitou do público asistente un aplauso para Suárez.

TOQUES CONSUMARÁ O RELEVO NO MES DE SETEMBRO

Non só en Santiso se pactou un cambio de alcalde. Con dous meses de diferenza, Toques tamén estreará novo rexedor. Será o próximo día 12 de setembro cando José Antonio Castro, de Xuntos Cara ao Progreso de Toques, colla o bastón de mando de mans de Jorge Calvo (PP).

A elección do novo rexedor producirase a partir das 12 da mañá, aproveitando o pleno ordinario que corresponde celebrar ese mes. Superado xa o ecuador da lexislatura, o actual alcalde sinala que non hai ningún motivo polo que se atrasase o cambio ata setembro: “simplemente constaba así no pacto de goberno que asinamos”, asegura.

Segundo explica Jorge Calvo, nos próximos dous anos a organización das áreas de goberno e o reparto de responsabilidades será “moi semellante” á que existe na actualidade. Con todo, empra a celebración do pleno no que será elixido José Antonio Castro para ofrecer detalles sobre o enfoque que lle dará o novo equipo de goberno ao que queda de lexislatura.

Calvo fai un balance “positivo” destes dous últimos anos de mandato do PP en Toques e considera que o maior logro foi conseguir que o concello seguisse funcionando “con absoluta normalidade” nun contexto difícil e convulso. Asegura que terá unha delegación de competencias “importante” e que seguirá participando activamente na toma de decisións.

Ánxel e María: memorias dunha vida lonxe da terra

Cantas historias de amor non terán empezado cun baile baixo o sol do verán, cando os corpos máis se aconchegan, ou no tempo da primavera, que fai agromar as flores e tamén as paixóns. De tal xeito se xuntaron para nunca máis separárense as vidas de Ánxel Río e María Mejuto no San Xosé de Seoane daquel 1941. Setenta e dous anos despois, e coa vida andada, estes dous veciños de Santiso emigrados na Arxentina botan a

vista atrás para recordar unha historia singular que é tamén a de tantas e tantas persoas da comarca que tiveron que botarse ao mundo coas mans baleiras na procura dun futuro mellor. Unha historia cargada de afán de superación e de amor pola terra que recibiu no pasado mes de xullo a merecida homenaxe dos veciños de Visantoña en coincidencia coa celebración da festa dos maiores e da visita de Ángel e María ao lugar que os viu nacer.



María e Ánxel en Melide, durante a súa última visita a Galicia, este verán



A familia Río Mejuto creou en Bos Aires unha pequena Galicia. A morriña e o amor pola terra labrou en Ánxel a paixón por fabricar hórreos, xugos, cestos, carros e apeiros de labranza en miniatura. No xardín da súa casa cobran tamaño real. Alí, agarimados polo clima porteño, medran tamén os estalotes, xestas e toxos nados das sementes que recolle en Santiso.

“Tamén é certo que nos fixemos mozos por recomendación dunha amiga dela que me dixo que era ben feita”, comenta Xosé, quen a pesares das lentes e dos 67 anos de matrimonio, aínda conserva o brillo nos ollos cada vez que mira para a súa dona. De Rendos ela e de Vilar de Ferreiros el, non se coñeceron ata aquel San Xosé de 1941; “non tiñamos leiras nin prados xuntos” e as distancias, xa se sabe, facíanse daquela máis longas do que son agora.

Unha vida dura e feliz

Estiveron catro anos de mozos e aínda así casaron novos, cando lles faltaban uns meses para cumprir os 20. O matrimonio tróuxolles a independencia e o alcume de “Ánxel e María do caseto”, que ten a súa razón de ser naquelas catro paredes na aldea de Baloucás que lles servirían de vivenda e na que habían de nacer os seus catro primeiros fillos: “miramos de vivir sós e déronnos unhas cortes que non eran casa nin eran nada”, di Ánxel.

Con todo, María sempre viu con bos ollos aquel lugar

no que se sentía cómoda e que lle resultaba familiar. No tempo da guerra, cando contaba só nove anos, fora mandada para alí para coidar dun irmán seu, albanel, que caera e quedara na cama. O que ían ser unhas semanas durou cinco anos, sen saber María que había volver para criar alí a catro dos seus fillos. “Sempre foi un lugar moi bonito”, recorda. E segue sendo, porque as pedras do caseto de Baloucás permanecen onde estaban, agora comestas polas silvas que agochan as miserias dunha vida que “foi moi ruín pero foi a mellor”.

“A xuventude pode con todo”, conclúe Ánxel tras debullar un por un os seus recordos como xornaleiro en Baloucás e o traballo cavando no monte alleo para quedar con parte do trigo e ter unhas codias que roer na casa: “nunca comprei un ferrado de pan para moer”, di orgulloso.

Rumbo a Bos Aires

“Case podo dicir que nunca pasamos necesidade de nada”, asegura María facendo memoria. Con todo, cando a emigra-

ción chamou á porta daquel humilde caseto, dixeron que si. A decisión non foi tanto súa coma de Delfino, un irmán de María emigrado en Buenos Aires e ao que ela non coñeceu ata que despois de moitos anos de ter marchado volveu á terra para visitar a familia: “viu a nosa situación e pensou que estaríamos mellor alí”.

Delfino mandou unha pasaxe para un matrimonio con catro fillos e así comezou o rumbo cara a unha nova vida chea de incertezas: “a maior parte das persoas que saímos das aldeas non sabemos se tomamos a decisión ben ou mal, porque ás veces ao pouco tempo, quen nos dera dar marcha atrás”, reflexiona Ánxel.

Non foi doado adaptarse a un lugar descoñecido e tan diferente ao que se deixaba atrás: “mira como foron os primeiros momentos, que eu desexaba que me meteran de volta no barco”. Pero a perseverancia fixo que o matrimonio saíse adiante e chegara a ter algo de seu. Na Arxentina naceron tres fillos máis e completaron as pezas dun rompecabezas que non foron quen de

completar en Santiso: María coñeceu a outra irmá que marchara de Rendos para as Américas antes de ela nacer e Ánxel, fillo de solteira, coñeceu en Buenos Aires a seu pai. Ao biolóxico, porque o verdadeiro, segundo el afirma, foi o seu cuñado Delfino.

Da súa man, e tras unha ameaza de deportación, comezou a traballar de mozo lavando copas. Despois chegou o traballo nunha fábrica téxtil e logo o do cultivo de verduras nunha quinta. Unha vez máis, houbo que empezar dende abaixo para ir medrando. Coa axuda dos fillos e da xente que seguiu valorando o seu traballo, Ánxel fíxose cun punto de venda na feira e máis tarde cun pequeno camión para o reparto. Aos poucos foron xuntando para mercar varios solares e unha casa de seu que axiña se había converter nun pequeno recuncho de Galicia no medio de Bos Aires.

Enfermo de morriña

“A morriña por moito tempo que pase non desaparece; é unha enfermidade. Algunhas van curando, pero a miña au-

menta”. Ánxel non esqueceu nin un só momento a terra que o viu nacer. Nos máis de 50 anos que leva emigrado, veu de visita en 23 ocasións, sempre acompañado por María. Os seus fillos estiveron en Santiso e algún dos seus 20 netos tamén. A eles transmítelles o seu amor incondicional pola terra e ten o costume dende hai dúas décadas de recitar con eles cada fin de ano poemas de Curros e de Rosalía: “este ano van vir 14 netos; o que mellor o faga leva un premio”, comenta ilusionado.

Fillos netos e bisnetos son quen manteñen a Ánxel a María apegados á terra porteña: “a morriña é moi grande e sempre pensarei en Galicia, pero estoulle moi agradecido á Arxentina e aquí viven os meus descendentes. Temos amor e tranquilidade. Que máis podemos pedir?”. Aínda así, malia o paso do tempo, un mar de por medio e miles de quilómetros, por sempre seguirán sendo Ánxel e María do Caseto: “aquí todo o mundo nos quere coma se foramos da familia, coma se nunca tiveramos marchado”.

Obras rematadas en Santiso

Nas últimas semanas o Concello de Santiso deu por rematadas algunhas obras que levaban tempo sendo executadas. Unha delas é o saneamento de Visantoña, ao que só lle falta ser certificado. Longamente demandada polos veciños, tamén se completou a reparación de vías na aldea de Eirexe. O orzamento dos traballos ascendeu a 53.000 euros, dado que nunha parte se empregou formigón, máis resistente ás augas de pluviais nas zonas pendentes. Por outra banda, rematouse a primeira fase do muro de contención de Chorén. As próximas obras consistirán no asfaltado de pistas no Casal, Vimianzo e Barazón.



Depuradora de Visantoña



Vía de formigón en Eirexe (Serantes)



Muro de contención en Chorén

Espomasa pon un pé no mercado estadounidense



Colchóns de última xeración de Ibersleep no showroom de Las Vegas

A empresa Ibersleep, integrada no grupo toquense Espomasa, lánzase á conquista do sector do descanso en EE.UU. Como parte da súa política de expansión, acaba de estar presente cun stand no show room de Las Vegas. Trátase dun espazo permanente que abre ao público dúas veces ao ano (en xullo e febreiro) e no que Ibersleep lle expuxo aos compradores o seu amplo

rango de produtos de última xeración. Só dúas empresas de toda Europa están presentes. A día de hoxe Ibersleep conta xa con dúas sedes en Norteamérica, unha en Las Vegas e outra en Carolina do Norte, dende as que pretende expandir o negocio baseándose “na calidade, na vangarda, na funcionalidade, no prezo e no respecto ao medio ambiente”, explican os seus responsables.

BREVES

Menos mestres e máis obras


A Xunta de Galicia compen-sou a supresión de dous mestres e dunha unidade de primaria no colexio de Toques con 26.500 euros. É o orzamento das obras que se están a realizar este verán no centro e que servirán para arranxar as cubertas dos espazos comúns e eliminar as filtracións de auga. A delegada territorial na provincia, Belén do Campo, considera que deste xeito se dá resposta “ás necesidades educativas do municipio”.

Plan de pago a provedores

A Deputación da Coruña adiantoulle os cartos da recadación tributaria a 81 concellos da provincia para axudarlles a que paguen aos provedores dentro do prazo establecido na lei. Melide recibiu 431.023 euros, Santiso 57.733 e Toques 28.933.

NO DEJES QUE SE HAGAN FUERTES!!!

- **CONTROL INTEGRAL DE PLAGAS:**
DDD, LEGIONELLA, INSECTOCAPTORES
- **HIGIENE AMBIENTAL**
AMBIENTADORES, BACTERIOSTATICOS, HIGIENE FEMENINA
- **FORMACION:**
GESTION F.TRIPARTITA, MANIPULADOR ALIMENTOS, A.P.P.C.C.
- **ASESORAMIENTO ALIMENTARIO:**
GESTION REG. SANITARIO, AUDITORIAS E INSPECCIONES
- **LABORATORIO DE ANALISIS DE AGUAS Y ALIMENTOS**



WWW.PLAGOSTEL.COM

TLF: 986 118 714

Plagostel
CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA



Camiño de Santiago



**San Antonio, 3
MELIDE**

Tlf: 627 809 017



Igrexa de Santa María



**CAFETERÍA Y
CHURRERÍA**

**DESAYUNOS, CHURROS
BOCADILLOS**

Desde las **Cátedra, 1
6 a.m. MELIDE**



Pulperia

Mov: 605 883 268
Camiño Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: garnachamelide@gmail.com

HOSPEDAJE - BAR RESTAURANTE

Novo Contingente

Teléfonos: C/ Luis Seoane, 8
981 50 61 82 15800 MELIDE
699 61 37 59 (A Coruña)



- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE
www.pousadachiquitin.es - info@pousadachiquitin.es



**CasaQuinzan
RESTAURANTE**

Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).



Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com



**SERVICIOS INTEGRALES
meypa**

soluciones para cada tipo de cliente

**PRESUPUESTO
SIN
COMPROMISO**

- ★ **Reformas**
- ★ **Instalaciones**
- ★ **Reparaciones**
- ★ **Mantenimiento**

- Mantenimiento e instalaciones eléctricas
- Pozos (Bombas aspiración, sumergibles, etc)
- Desbroces y cierres de fincas
- Pequeñas reparaciones e instalaciones del hogar
- Colocación tarimas, etc...

Tfno.: 663 972 281

**Atenderle, es nuestra prioridad.
Poner fin a sus necesidades,
...nuestro objetivo**



INMOBILIARIA **MELIDE** MEDICIONES

INMOBILIARIA	TOPOGRAFÍA	
Pisos	Catastro	Mediciones
Casas	Parcelaria	Particiones
Terrenos	Informes	Valoraciones
Alquileres	Concesión de Aguas	

Rda da Coruña, 68 Bajo Izq. - Melide (A Coruña) - Tlf. 981.93.51.08
melidemediciones@galicia.com - www.melidemediciones.com

GRUPO JIM SPORTS

VIVIENDAS - CHALETS - BAJOS - SOLARES

PROYECCIÓN DE
35 VIVIENDAS
EN MALPICA
PISOS EN FOZ
MELIDE
ALQUILER
VENTA

OSCAR SÁNCHEZ
981 50 64 34 / EXT 109



PALLADIUM
WEEK-ENDS

STRIP TEASES
GO-GOS
DRAG-QUEENS

LAICUS
Violet Sensation
Pub

pub
ZEROx
melide

SUPERNOVA
DISCOTECA

ANANDA
LOUNGE BAR

heaven

1200 m SALA

PALLADIUM
DISCOTECA palladium
melide

DJS
RESIDENTES
120.000W

San Roque 2013

RESERVADO EL DERECHO DE ADMISION

Música dos Melidaos para render homenaxe aos referentes da cultura

Sete meses despois de presentaren os seu segundo disco, Axudádeme a cantar, o grupo de música tradicional Os Melidaos segue a levar os seus sons e voces con selo propio polos principais escenarios de Galicia.

A derradeira cita foi na cidade do Lérez con motivo do Memorial Ricardo Portela, un acto organizado dende hai catorce anos pola Asociación de Gaiteiros Galegos e o Concello de Pontevedra co que se pretende render homenaxe a un dos grandes músicos tradicionais. Ricardo Portela, que sempre pediu por morrer tocando na gaita, foi un firme defensor da dignidade e da nobreza deste instrumento. Gravou tres discos antes de falecer no ano 1992 e sempre fiel ás gaitas de Xosé Seivane, deixou un legado musical que a día de hoxe xa é todo un referente.

Os Melidaos destacan a importancia que tivo para eles poder participar dun acto "tan valorado polos amantes da música tradicional" e, como sempre fan, homenaxearon

coas súas pezas a aqueles músicos que coma Ricardo Portela, pero de forma anónima e sen acadar ningún recoñecemento, "levaron dentro de si a identidade do noso país". Unha identidade que tamén está presente na música dos Melidaos e que soubo apreciar o público pontevedrés, quen valorou a calidade, a afinación e sobre todo o sentimento transmitidos polas voces e os instrumentos da agrupación da Terra de Melide.

Boa foi tamén a acollida que tiveron Os Melidaos na cidade de Lugo, onde tocaron para conmemorar o 50 aniversario da publicación do libro "Contos populares da provincia de Lugo", unha traballo que contén 300 relatos recollidos polos nenos e nenas da provincia e que na actualidade é unha xoia de grande valor etnográfico. Nun marco incomparable como é o do Museo Provincial, Os Melidaos puxeron música a un acto no que participaron escritores e investigadores da literatura de tradición oral e un grupo de vinte alumnos que recrearon varios dos textos recompilados.



Memorial Ricardo Portela, Pontevedra



Memorial Ricardo Portela, Pontevedra



50 aniversario da publicación de "Contos populares da Provincia de Lugo"

Avenida de Toques e Friol, 49 - MELIDE
Tlfs: 639 527 400 / 610 515 591



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



A música da Terra de Melide soa en Lorient

Trimuíños, Os Trécolas e Os Tromentelos actúan durante seis días no pavillón de Galicia

Na cita por excelencia do mundo folk e nun dos eventos musicais máis importantes de Europa escoitáronse este ano os sons e as voces da Terra de Melide. Tres agrupacións con raizame na comarca levaron a súa música á 43ª edición do Festival Intercéltico de Lorient, que se celebra entre os días 2 e 11 de agosto na Bretaña francesa.

Trimuíños, Os Trécolas e Os Tromentelos convenceron coas súas propostas musicais aos responsables de Turgalicia, que non dubidaron en incorporalos ao proxecto promocional co que a Xunta participa en Lorient. As tres agrupacións actuaron no escenario do pavillón de Galicia, un espazo de 200 metros cadrados dedicado a enxalzar os recursos turísticos, gastronómicos e culturais da comunidade e polo que pasan, segundo estimacións baseadas en edicións anteriores, arredor de 30.000 persoas durante os dez días que dura o evento. “Aínda non somos moi conscientes de toda a xente que nos vai escoitar, pero a proxección do festival de Lorient é inmensa e para nós é todo un privilexio poder participar nestas condicións”, declaraba horas antes de partir para a Bretaña Amparo Buján, de Toques, vocalista de Os Tromentelos e membro tamén de Trimuíños.

Ao seu nome súmanse os de Miguel Anxo López (Monterroso), Laura Pazos (San-



Compoñentes dos Trécolas saudando trala actuación



Os Tromentelos durante un dos seis concertos que ofreceron na carpa de Galicia

tiso), Miguel Varela (Melide), Suso Ascariz (Toques), Raquel González (Agolada), Manuel Abalades (Santiago) e Miguel Rivadulla (Arzúa). Oito músicos para tres grupos que malia compartiren integrantes levaron a Lorient estilos ben diferentes: “Trimuíños é un cuarteto tradicional, con dúas gaitas e percusión; Os Trécolas van máis na liña da música de charanga, de fanfarra; e dentro do folk están Os Tromentelos”. Foron en total 18 actuacións durante os seis primeiros días do festival que deixaron o listón ben alto e que no caso dos Tromentelos supuxeron a última parada antes da presentación do seu primeiro disco, prevista para finais do verán.

Non é a primeira vez que estes músicos da Terra de Melide pisan Lorient, pero si a primeira que o fan cos seus grupos, unha circunstancia

que segundo sinala Amparo Buján, produce dous tipos de sensacións moi concretas: “emoción e alegría”. Á espera de poder dar o salto algún día á programación oficial do festival, aseguran sentirse afortunados por poder levar a súa música a unha cita “onde están todos os grandes, os mellores grupos; xente de referencia internacional”.

Sinead O’Connor, Nolwenn Leroy ou Imelda May son algúns dos 4.500 músicos que participan no festival chegados das rexións de Irlanda, Escocia, Bretaña, Gales, Illa de Man, Cornualles, Asturias e Galicia, que terá este ano unha das maiores presenzaas na historia do evento. Participarán seis solistas e dúas agrupacións: Traspés, Anxo Lorenzo, Banda de gaitas de Forcarei, Edelmiro Fernández, Linho do Cuco, Pablo Seoane Méndez, Rodrigo Romaní e Taghaitai.

Suso Ascariz, entre os mellores gaiteiros das nacións celtas



Forma parte da expedición de músicos da comarca presente en Lorient, pero Suso S. Ascariz levaba a terras bretoas o reto engadido de loitar polo Trofeo McCrimmon de gaita solista que se

disputa no marco do festival dende 1986 e que reúne aos mellores intérpretes das nacións celtas. Tras realizar unha boa actuación, Ascariz acabou en quinto lugar e rematou o concurso coa satisfacción de ter logrado as mellores puntuacións do xurado na interpretación do repertorio galego. Notas máis baixas nos repertorios asturiano e bretón impediron que estivera nun podio que liderou o gaiteiro de Asturias Jesús Fernández.

Carlos Núñez, Edelmiro Fernández, Hevia ou José Manuel Tejedor foron algúns dos ganadores deste trofeo considerado o premio Nobel da gaita.

MUEBLES DE SEGUNDA MANO

**Estaremos en
MERCAMELIDE los días
31 de agosto
1 de septiembre**



**Compra y venta de muebles
de segunda mano
y antigüedades**

Abrimos todos los domingos

Calle Progreso, 15 - MELIDE

607 847 374 / 653 979 664

Un mes de fútbol sala co torneo do Cire

Co mes de agosto chega un clásico do deporte melidense; o torneo de fútbol sala do Cire, que este ano alcanza a súa edición número 33 e no que participarán un total de 29 equipos na categoría senior.

A competición comezou o pasado catro de agosto cos partidos da primeira fase e prolongarase, coa tradicional pausa durante as festas do San Roque, ata o día 30, cando se celebrarán as finais no pavillón polideportivo municipal. A organización, que introduciu o ano pasado os premios en metálico por primeira vez, decidiu mantelos tamén este ano “para que o torneo teña un aliciente máis e non decaia co paso do tempo”, explicou María Gómez, membro da directiva do Cire. Habrá 600



Antas de Ulla, vencedores na edición de 2012

euros para os vencedores, 300 para os subcampións e 100 para os terceiros clasificados.

Tamén este ano se mantén outra das novidades máis recentes, a competición en todas as categorías: feminina, pre-benxamín, benxamín, alevín,

infantil e cadete. Neste caso os vencedores recibirán trofeos.

Os partidos disputaranse todos no pavillón polideportivo e a entrada será gratuíta, excepto o día da final, na que se cobrarán dous euros co obxectivo de recaudar fondos.

Peña Arcea deixa pegada en San Huberto

Están sempre entre os mellores, e así o demostra o feito de que catro dos 28 cazadores que se clasificaron para o último campionato galego de San Huberto eran melidenses. Pero nin a experiencia nin a calidade numerosas veces demostrada foron suficientes para que José Luis Tarrío, Naco Blanco, Mario López e Jesús Sánchez conseguisen na proba disputada en Lalín o seu pase ao campionato de España.

“Fixemos bos percorridos, todos matamos polo menos unha peza e os cans comportáronse ben, pero o xeito en que soltaron as perdices deixou pouca marxe para disparar e non puidemos sumar puntos”, declara Naco Blanco, campión galego en 2009. Unha sorte



Peña Arcea

parecida correu Jose Luis Tarrío, actual campión provincial, que tiña depositadas grandes esperanzas na proba.

Habrá que agardar ao próximo ano para dispoñer dunha nova oportunidade. A clasifi-

cación para o campionato de España podería xogarse na casa, xa que Peña Arcea ten a intención de solicitarlle á Federación Galega de Caza que o próximo campionato de San Huberto se celebre en Melide.

Iván Conde, campión de tenis en Toques

Despois dun mes de dura competición e un total de 27 partidos disputados, Iván Conde proclamouse campión do torneo amateur de tenis celebrado en Toques tras vencer a Sanmiguel na final por 4-6 / 6-0 / 6-2. A quenda será agora para a categoría feminina, que disputará un torneo semellante no mes de outubro. O departamento de deportes do Concello de Toques prevé celebrar durante o inverno outro torneo na modalidade de dobres mixto.



O vencedor do torneo e o técnico de deportes de Toques

VERÁN CULTURAL

-----PROGRAMACIÓN-----

XOVES 8

21:00 - *Baile e música tradicional co grupo Alxibeira* (Praza do Convento)

VENRES 9

21:00 - *Concerto de fado*, con **María do Ceo** (Igrexa parroquial)

SÁBADO 10

IV Encontro Interxeracional Terra de Melide
“O abrazo das Idades” (organiza Charamela)

Exposición de aparatos audiovisuais

12:00 - 14:00 - obradoiro de cociña

19:00 - Teatro: “Véndese mula”

20:00 - Actuación da charanga “Tralla” de Melide

21:30 - Concurso: Ti si que vales

23:30 - Actuación do grupo “Relatos de naufrago”

DOMINGO 11

21:00 - *Operación comedia (Misión Sapiens)* con **Malasombra Produccións**, (Praza Convento)

SÁBADO 24

19:30 - *Presentación do Trivial Terra de Melide*

21:00 - *Actuación musical* con **Herba Grileira** (Praza do Convento)

(En caso de choiva, as actuacións trasladaranse ao pavillón do instituto)



Luar na Lubre no Cantón de San Roque

Aínda quedan moitos días por diante de programación, pero o Verán Cultural 2013 xa ten andado parte do camiño cunhas actuacións que deron comezo o primeiro de agosto e que trouxeron a Melide grupos e artistas de recoñecido prestixio. Unha das máis agardadas foi o concerto que Luar na Lubre deu no Cantón de San Roque, onde repasou algúns dos temas que lle deron fama internacional. Marful levou os seus twist, swing, xotas e mambos á Praza do Convento e Odaiko fixo das rúas da vila un espectáculo de percusión. Unha programación variada e de calidade que incorpora tamén grandes nomes da escena galega e que, en verbas da concelleira de Cultura, Dolores Gómez, integra “un dos mellores veráns culturais que se ten organizado”.

Unha longa viaxe na máquina do tempo



Sen movérense de Toques, os cativos e cativas participantes nos campamentos de verán deste concello viaxaron sen



parar grazas a unha máquina do tempo construída por eles mesmos. Traballo en equipo, reciclaxe, creatividade, imaxi-



nación e expresión corporal abundaron para fabricar con todo detalle un aparello digno do peto máxico de Doraemon.

Rematan os campamentos de verán



Noventa rapaces e rapazas participaron este ano nos campamentos de verán de Melide, que rematan o día 9 de agosto. Foi algo máis dun mes de actividades como de-



porte, cociña, manualidades ou xogos acuáticos na área Recreativa de Furelos. Os maiores puideron gozar xa dos dous novos tobogáns que instalou este verán o Concello.



Tamén en relación coa auga, a Asociación de Troiteiros "Río Furelos" colabora co campamento xuvenil da Xunta impartindo cursos e charlas sobre pesca e medio ambiente.

31 de Agosto 2013
7 e 14 de Setembro

IX Xornadas de Limpeza do Río Furelos e Afluentes

ESTÁN LIMPANDO DE NOVO

DALLE VIDA AO RÍO

So tes que traer unhas botas, o resto poñémolo nós

Apuntarse en Tf 696607348
www.riofurelos.es
Facebook: troiteirosfurelos

Suplemento DEPUTACIÓN DE CORUÑA
Gabinete de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
CONCELLO DE MELIDE
Troiteiros
"la Caixa"

NOTICIAS BREVES

- A Asociación Deportiva "Cerne Melide" está a organizar para o 28 de setembro unha media maratón entre Palas e Melide. Levará por nome "Os 21 do camiño", en alusión á distancia (21 km) e ao percorrido, que seguirá o Camiño de Santiago.
- O Concello de Melide asinou o 19 de xullo o contrato para a construción das pistas de padel do Pazo de Congressos. Custarán 57.987 euros. O prazo de execución é de tres meses.
- A Deputación da Coruña achegará 52.000 euros para o programa de concertos do Camiño de Santiago da Orquestra Sinfónica de Melide. Para o Museo da Terra de Melide destinará 20.000 euros, que cubrirán o 61% dos seus gastos.

Corenta anos das festas populares da Virxe do Carme

Foron dende antigo unhas festas relixiosas de gran tradición, pero a vertente profana non sempre estivo presente nas celebracións do Carme. En 1973, e tras 15 anos de interrupción, un grupo de amigos tivo a iniciativa de recuperar os festexos populares. Trátase de José Gómez (Pepe do Mosquito), Ramón de Pardo (o de Panduriño), Luis Fondevila Reboredo e Manolo Rodríguez (o Cabezudo). Formaron unha comisión e deseñaron un completo programa que tiña como actuacións estelares aos Irmáns Garceiras, as bandas de música de Merza e Santa Cruz de Ribadulla e a Orquestra Galicia. Ao ano seguinte repetiron na organización e logo deron paso a outras comisións que garantiron a celebración destas festas nos últimos corenta anos.



FUNCIONES RELIGIOSAS EN HONOR DE
Nuestra Señora del Carmen

El día 7 comenzará el Sistema Novenario en honor a Nuestra Señora del Carmen. Todas las días habrá a las 8 Min. A las 9:15 de la tarde, Novena, Misa e Himno a la Virgen.

DÍA - 15:
A las ocho de la tarde, Procesión desde la Iglesia Parroquial a la Capilla del Carmen. A continuación las Funciones Religiosas.

DÍA - 16:
Desde las ocho de la mañana, Misa toda hora. A las 12 Misa Solemne y a continuación Gran Procesión por las calles del pueblo.

DÍA - 17:
Misa en la Capilla del Carmen. A las doce, Misa Solemne y a continuación Procesión y traslado de la Imagen del Carmen a la Iglesia Parroquial.

PROGRAMA

Domingo 18
A las once horas, se iniciará el comienzo de las Fiestas con disparo de bombas. A las diez de la mañana, Procesión por el grupo de los Hermanos Garceiras. A las 21 horas, se celebrará una gran verbena gallega, en el transcurso de la misma se dispararán una serie de fogos de artificio.

Lunes 19
A las diez de la mañana, GRANAS Y ALBORADAS por la Agrupación Banda de Música SANTA CRUZ DE RIBADULLA, en su tradicional recorrido por las calles de la Villa.
A las trece horas, CONCIERTO por la renombrada Banda de Música.
A las diez de la noche, GRAN VERBENA POPULAR, amenizada por la internacional Orquesta GALICIA.
A las once de la noche, FESTIVAL PIROTECNICO, protagonizado la verbenas hasta la madrugada.

Martes 20
A las diez de la mañana, GRANAS Y ALBORADAS por la Agrupación Banda de Música de MERZA, iniciando su recorrido por las calles de la Villa.
A las trece horas, CONCIERTO por la popular Banda de Música.
A las diez de la noche, VERBENA POPULAR amenizada por la Sinfónica Orquesta GALICIA.
A las once de la noche, FUEGOS PIROTECNICOS, protagonizando la gran verbena.

Miércoles 21
Fiesta Campesina a orillas del río Furelos.
Diversos juegos y competiciones infantiles la mañana.
Por la noche, gran Fm de Fiesta.

Durante estos días, habrá una
ARTISTICA ILUMINACION



Cult Room



Cult Room



Cada verán hai citas ineludibles que non se deben deixar pasar; unha delas é a noite da movida melidense, o mellor escenario para gozar de boa música e dun ambiente xenuíno con mozos e mozas chegados de toda Galicia. Claro exemplo diso son os pubs Mistik e Cult Room, onde a diversión está sempre garantida. Tras celebrar con éxito os seus respectivos aniversarios, convidante a gozar con eles das festas de San Roque e do que queda de verán.



Mistik



Mistik

O d'PEQUE

Rúa PRINCIPAL, 6 - MELIDE
TEL: 696 77 41 63

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
 Vía Galileo, 9
 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 www.eruom.com

Tel. 981 519 999
 Fax. 981 519 191
 comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
 Muga
 Obalo
 Arnegui
 Azpilicueta
 Rioja Bordón
 Ramón Bilbao
 Marqués de Terán
 Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
 Prado Rey
 Cruz de Alba
 Condado de Oriza
 Dominio de Atauta
 Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
 Monteblanco

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia, Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
 Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Fariña

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
 Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
 La Ossa
 Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
 Lusco
 Veigadares
 Terra D'Ouro
 Viña Sobreira
 Mar de Frades
 Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras



Espectáculos **ANGEL | SEOANE**

MELIDE - MONTERROSO Tfno. móvil: 617 38 48 60

A felicidade non será televisada: a tristura si

Vanessa Martínez Iglesias, xornalista

Existe unha novela titulada “Otra maldita novela sobre la Guerra Civil”, que versa precisamente, con moita ironía, sobre o absurdo de volver mil veces sobre un tema xa tratado. Este artigo pretende precisamente non ser “outro maldito artigo sobre o accidente de tren”, mais parte dese feito para reflexionar sobre como reaccionamos, e sobre todo para deixar ás claras que ata nas emocións imperan as modas, e unha estraña globalización emocional que empezamos a considerar, perigosamente, como normal.

Todos os medios de comunicación se encargaron dende o 25 de xullo de tinguir de negro, de tristura e de pena masiva todas as conversas e noticias que chegaban a nós. Tanto que, quen non amosaba dor e incluso bágoas en redes sociais ou actos públicos era sospeitoso, frío. A mensaxe era meter nos nosos corazóns a dor dos que perderon un parente, facernos sentir o desgarrro dos que ían nese tren... cando nós (por sorte) non



estabamos alí. Mais eu penso que as tristuras, as penas, a dor que deixa unha perda chéganos a cada un cando o tren bipraza da morte ou da desgraza nos vén visitar, e esa dor non é televisada. O demais é circo mediático.

Este artigo non pretende ser un alegato da insensibilidade ante a dor allea, pero si unha chamada de atención ante a valía e a pureza dos sentimentos individuais. Non

sente menos quen fala menos das desgrazas do mundo. Se cadra manter un algo de distancia fronte á orde do día das penurias e desgrazas que nos televisan valeríanos para vivir unha vida máis auténtica.

O máis triste é que a globalización xa superou os límites do material, do cultural e do económico, e asentouse xa nas nosas emocións. O correcto é sentirnos apenados polo que todo o mundo se apena. Chorar polo que todo o mundo chora aínda que non forme parte do noso corazón. Laiarse dos grandes problemas do mundo sen poñerse á fronte dos realmente nosos, se cadra máis pequenos e menos impactantes, pero máis reais. Falar da prima de risco aínda cando non ten nada que ver con nós, e o noso principal problema sexa un recibo da luz, unha familia que non se fala, ou un descuberto na conta bancaria. Pero para iso non hai lazos negros durante sete días na esquina da pantalla da TVG.

Se casas, anda con tino

Santiago Prado (Chago), antropólogo

Despois de anos combatendo a fraude fiscal das grandes empresas, bancos, daqueles que negocian escuramente cos poucos aforros das persoas e un longo etcétera, pois resulta que ao corpo de técnicos de facenda encargóuselles fiscalizar a última fraude que queda na nosa sociedade: o casamento.

O que pode parecer unha broma de mal gusto ou o argumento dunha película de ficción xa é unha realidade que, coma sempre, supera a ficción. Os técnicos de facenda están investigando os casamentos co obxectivo de facer aflorar a economía somerxida que ocorre en todo este ritual.

A partires de agora haberá que estar alerta, posto que os casados nos últimos tempos terán que gardar ata a última factura: se o ramo o agasallou a madriña, pois haberá que presentar factura a nome desta; se a familia axudou co pago do banquete, pois será mellor facer factura por comensal e que se vexa que cada un paga o seu, non vaia ser que cuestionen que non tiñas cartos para facer fronte a este gasto e teñas que pagar a porcentaxe correspondente de impostos xunto á multa; se

mercastes unhas alianzas, pois gardar a factura; e así ata xuntar unha boa carpeta.

Coa que está caendo, resulta que os humanos seguimos a ser tan rancios e hipócritas que unha e outra vez caemos no esperpento: técnicos cualificados de facenda visitando as casas dos recentemente casados, posto que non terán nada mellor que facer. Agora seica se vai dinamizar a economía coa recadación das fraudes das vodas. Xuntaranse cartos arreo e seremos quen de saír desta espiral que cada día nos aterra máis.

Pois resulta que hai poucos días que o presidente dos técnicos de facenda atribuíu o 71% da fraude fiscal aos grandes patrimonios e empresas. Polo tanto, ante esta noticia non queda máis que pedirlle, por favor, ao ministro Montoro que deixe en paz a aqueles que van comezar unha nova vida e que atopan na solidariedade de familiares e amigos uns euriños cos que ir indo, e sexa decidido a, dunha vez por todas, centrar as forzas do seu ministerio en perseguir a aqueles que si axudarían realmente a dinamizar a economía.

Exemplo de novos emprendedores

Xosé Núñez López

Máis por necesidade ca por moda, nos últimos tempos escóitase a cotío a alusión ao novo emprendedor como forma de saír dunha grave situación de crise económica que está facendo que moitas familias pasen por un verdadeiro calvario. O paro é o principal problema que nos aflixe e como consecuencia diso hai moitos fogares aos que non chega ningún ingreso, carecendo en moitas ocasións dun mínimo indispensable para subsistir.

Aínda que isto dos novos emprendedores non é suficiente para saír do pozo sen fondo no que nos atopamos metidos, penso que debemos apoiar e eloxiar cantas novas

iniciativas xurdan na liña de montar unha nova empresa ou negocio. Temos que esquecernos e desterrar para sempre esa antiga idea que nos levou a pensar durante moito tempo aos galegos, sobre todo no interior rural, que a única maneira de poder mellorar as nosas condicións de vida era acadar un emprego do Estado, calquera que fose, ou senón emigrar. Nese desgraciado ambiente fomos criados.

Por iso, a través destas liñas, eu quixera erguer a moral e mesmo darlles un pequeno empurrón a dous novos emprendedores da terra, Michael Rouco Mejuto e David Soengas Ben que, partindo de cero, montaron no lugar de Recen-

des (Concello de Antas de Ulla) a empresa MURUA S.C. Dedicáanse á restauración e rehabilitación de fachadas, ben en pedra do país ou en granito, e á construción de figuras á medida.

Dende entón foron incorporando a máis traballadores e a día de hoxe son seis persoas (unha muller e cinco homes), con posibilidade de poder incorporar a alguén máis en datas futuras. Alentamos pois a estes e outros novos emprendedores a que sigan loitando por abrirse paso para encarar sen medo, aínda que coa visión clara de non poñer nunca o carro diante dos bois, un futuro nada fácil a curto prazo.



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade**
Rúa San Pedro, 16
MELIDE

Agora tamén xeados artesáns

Tenda: 981 505 723 - Queixería: 981 510 702
Balada - Visantóna (SANTISO)
xebretenda@gmail.com

PEDRO COEGO GALEGO, RESTAURANTE NOVO CONTINENTE

“Ao cliente hai que darlle bo produto a prezo razoable e cun servizo rápido”

Cociñar e levar un negocio son para el cousas ben distintas, pero axiña conseguiu encontrar o equilibrio entre as dúas para gozar a un tempo da vocación descuberta na adolescencia e do pracer que comporta o trato diario cos clientes. Pedro Coego atopou no Restaurante Novo Continente

a forma do seu zapato e en pouco máis de dous anos conquistou o padal de dúcias de persoas que acoden cada día a degustar un menú variado no que “todos os produtos son frescos” e no que nunca falta un toque innovador: “a cociña é imaxinación e o cociñeiro debe ser artista”.

-Como entraches en contacto co mundo da cociña? É algo vocacional?

-De primeiras foi un pouco por necesidade; meus pais traballaban fóra, eu era o que máis tempo pasaba na casa e tocábame ser o cociñeiro. Así comezou todo, e foi cando descubrín que a cociña era algo que realmente me gustaba. A partir de aí unhas cousas foron traendo outras. Con 18 anos fun para Santiago e estiven alí cinco anos estudando hostalería. Fixen prácticas nalgúns hoteis, despois preparei as oposicións e empecei a dar clase e máis tarde xurdiu a oportunidade de coller o Novo Continente. E aquí estamos.

-O cociñeiro nace ou faise?

-É coma todo; eu penso que tes que nacer cunha habilidade especial pero despois é necesario formarse e traballar moito para chegar a ser algo nun futuro ou para vivir diso. Esa ansia por cociñar, por probar e por investigar cos alimentos é algo que sae de dentro, pero haino que ir desenvolvendo ao longo dos anos. E máis na cociña, que está en constante evolución. Se quedas estancado no de toda a vida, poida que tamén che vaia ben, pero eu sempre son partidario de ir dando pasos.

-Declárase fanático da innovación?

-Gústame moito innovar, sobre todo a partir de produtos tradicionais. E tamén me gusta ter na cociña a maquinaria que axude a innovar. Ao dar clase teño a sorte de estar en contacto con outros mestres, e mesmo alumnos, que me fan ver cousas que igual non vería se estivese aquí todo o ano. Considérome moi afortunado por iso.



Pedro Coego na cafetería do Restaurante Novo Continente

-Trata de innovar tamén no menú do día?

-Si, intentamos facelo. É un xeito de ter unha deferencia co cliente. Ás persoas que veñen comer o menú hai que tratalas moi ben, porque son os clientes de todo o ano. Procuramos completar os pratos, cambiar os ingredientes, meter produtos de tempada, combinalos... É unha cuestión de imaxinación. As posibilidades da cociña son infinitas e o cociñeiro debe ser un artista.

-Como se consegue que o cliente marche satisfeito?

-Dando unha oferta variada, produto fresco a un prezo razoable e un servizo rápido. É dicir: ter onde escoller, que a comida sexa boa e que non haxa que esperar. Nós intentamos poñernos na pel do cliente e saber o que lle pode

apetecer en cada momento. Por iso no verán se ofrecen máis ensaladas, pratos fríos... e no inverno máis caldeiradas, potaxes e carnes guisadas. Hai que pensar sempre máis no cliente ca no que a un lle resulta fácil ou rápido de facer.

-En liñas xerais, como é o menú que ofrecen?

-É un menú de 9 euros que inclúe dous pratos, postre, café e bebida. Damos unha oferta de seis primeiros e tres segundos. É moi diversa, porque nos gusta que o cliente teña onde escoller. Algo que nos caracteriza é que nunca metemos ningún produto conxelado; traballamos con alimentos frescos. Se non podemos meter bacallau ou unha lubina, pois metemos pescada ou xurelos, pero sempre produto fresco.

-Que outros servizos ofrecen en Novo Continente?

-No que se refire ao restaurante, tamén facemos celebracións e banquetes para un número máximo de 60 persoas. Nas fins de semana servimos comidas á carta e por encarga. A oferta tamén é bastante ampla; con mariscos, peixes, carnes e pratos para persoas vexetarianas. Ademais tamén temos o bar-café e o servizo de hospedaxe. Dispoñemos de 13 habitacións.

-Que é o mellor e o peor do seu traballo?

-O mellor é saber que o cliente sae pola porta e vai satisfeito. A min gústame moito cociñar para outras persoas e disfruto cando vexo vir os pratos baleiros para a cociña. Cando un cliente entra no teu restaurante, o obxectivo non é ganar

“Gústame moito cociñar para outras persoas e disfruto cando vexo vir os pratos baleiros”

“Sempre usamos produtos frescos para elaborar os nosos menús; é algo que nos caracteriza”

diñeiro, senón que volva outro día. Un séntese coa responsabilidade de que volva contento. Por iso a satisfacción é total cando volve, porque significa que estiveches á altura das expectativas que creaches sobre ti mesmo. Tamén me gusta moito o trato co cliente. De feito, acabas sendo amigo de moitos deles. O peor do traballo é que esixe moita dedicación. É sacrificado, pero se che gusta, é moi bonito tamén.

-Se non se dedicase a isto, a que se dedicaría?

-Sempre fun moi “cocinitas” (ri), pero probablemente sería mestre de educación física.

NOVO CONTINENTE

R/ Luis Seoane, 8

Tlf: 981 50 61 82

Vinoteca
A boa Viña
A boa Vida



ZONA DOS VINOS MELIDE

AGOSTO 2013 FESTAS A PARTIR DAS 11 DA NOITE

VENRES
9 Festa do **Albariño**

DOMINGO
11 Festa *g'*
VIN E
GIN DE FRASES

LUNS
12 Festa
RON **CACIQUE**

SÁBADO
10 Festa do **Mojito**

12, 13, 14 e 15
2º MERCADO MEDIEVAL
Degustación de viños:
Ribeiro, Albariño,
Rioja, Ribera del Duero
e Mencía con tapas
típicas a fartar **GRATIS**.
Grupos de
Folk e Charangas

MARTES
13 Festa
Ron **RITUAL**

MÉRCORES
14 Festa
MINI BEER **43**

XOVES
15 Festa imaxe
Con máquina
enfriadora de
nitroxeno, barman acrobático e **invitación a un GIN-TONIC**.
BEEFEATER LONDON 24

VENRES
16 Festa do **Mojito** **Havana Club** 3 anos

SÁBADO
17 Degustación de
Albariños e Riojas

DOMINGO
18 Degustación de
Ribera del Duero

LUNS
19 Degustación de **Ribeiro**
e **Mojitos** de Havana 3

MARTES
20 Degustación
de Albariño: **MAR DE FRADES** e ginebra: **MILLER'S**

AGOSTO



2013

VIERNES
9 Festa
Vodka
ERISTOFF

SÁBADO
10 Festa
Ron **AREHUCAS**

DOMINGO
11 Festa
J&B SCOTCH WHISKY

LUNES
12 Festa
WHISKY
Johnnie Walker

MARTES
13 Festa
Ron **RITUAL**

MIÉRCOLES
14 Festa
RON BARCELÓ

JUEVES
15 Festa
BEEFEATER LONDON 24
Barman acrobático - **Daiquiris gratis**.

VIERNES
16 Festa
JACK DANIEL'S OLD TIME

SÁBADO
17 Festa
TEQUILA **Jose Cuervo**

DOMINGO
18 Festa
RON CACIQUE

LUNES
19 Festa
43 Con foto
personalizada

MARTES
20 Festa
de **POLICIAS & BACARDI LIMÓN**

Somos os locais de referencia en Melide!!